

Universidade de Vigo

ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020

I. Introducción

Este exercicio é o quinto desenvolto no novo marco establecido polo Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2016-2020 (PFSUG), que coincide co Horizonte 2020 da Unión Europea.

Cómpre mencionar que os orzamentos de gastos e de ingresos para o exercicio 2020 presentan unha situación especial, dado que ata a data de elaboración deste documento non se aprobaron os orzamentos do Estado. Cando se aproben os orzamentos do Estado teranse que realizar os axustes oportunos e actualizar o seu contido, de ser o caso.

No tocante aos orzamentos da Xunta de Galicia, no momento de redacción deste texto unicamente estaba publicado o proxecto de orzamento para o exercicio 2020.

A estrutura deste documento é a seguinte: o primeiro capítulo resume o marco xurídico actual, como condicionante legal da actuación de goberno. A seguir amosa o PFUG 2016-2020 e a posición da nosa institución verbo do plan. Continúase coas liñas de actuación de goberno, que materializan a posta en funcionamento das liñas de actuación da programación plurianual, presentada no ano 2019. O segundo apartado presenta a previsión orzamentaria de ingresos. No capítulo terceiro, acompáñase a previsión orzamentaria de gastos e, no cuarto e derradeiro, as normas que regulan a execución do orzamento 2020. Acompáñase tamén información dos prezos de diferentes servizos públicos no anexo.

I. 0. Marco xurídico que regula o sistema universitario español (SUE)

O ordenamento xurídico universitario está recollido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), que foi modificada por dúas leis: a LOU 4/2007, do 12 de abril (LOMLOU), pola que se ven afectados 70 dos seus 89 artigos, e polo Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. Os motivos de tales reformas, con carácter xeral, hai que atopalos na harmonización dos sistemas educativos superiores, no marco do proceso denominado Declaración de Boloña, polo que se asentan as bases do espazo europeo de educación superior (EEES), e na necesidade de introducir elementos de racionalidade e de eficiencia na prestación deste servizo público que coadxuve na consecución do equilibrio orzamentario compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

No referente ao primeiro dos aspectos, a converxencia de novas ensinanzas universitarias cos principios dimanantes da construción do espazo europeo de educación superior desenvolveuse a través do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado posteriormente polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, ao establecer a nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, incluídas as de doutoramento, que son reguladas, á súa vez, polo Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, o cal no seu artigo 9 regula as denominadas escolas de doutoramento. Por outro lado, no Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES), modificados polo Real decreto 96/2014, do 14 de febreiro, establecéronse catro niveis na citada ensinanza: técnico superior, grao, mestrado e doutor e son os tres últimos niveis os que conforman a educación superior universitaria.

Con esta normativa refórzase a autonomía universitaria, xa que se lles atribúe ás universidades a creación, de acordo coas regras establecidas, das ensinanzas e títulos que haxan de impartir e expedir, derogando o sistema anterior de establecemento dun catálogo previo establecido polo goberno. Agora ben, de xeito complementario esta autonomía aparece equilibrada coa necesidade de verificar e acreditar posteriormente, antes do transcurso de seis anos contados desde a data de verificación inicial ou desde a da súa derradeira acreditación, os títulos universitarios oficiais de grao e de doutoramento.

I. 1. Marco xurídico para a elaboración dos orzamentos

Os orzamentos da Universidade de Vigo, coma os de calquera institución de carácter público, veñen determinados pola lexislación aplicable. Este contexto, o legal, tense caracterizado nos pasados anos por fixar limitacións ao gasto público, tanto cuantitativas coma cualitativas. A recuperación gradual da economía abriu espazos leves de recuperación ás posibilidades de xestión orzamentaria (véxase a evolución das taxas de reposición) mais continúa a manterse o espírito dominante da norma, de carácter limitativo.

Resumimos, a continuación, a normativa que serve de marco aos orzamentos universitarios, na que os fins últimos son a consolidación fiscal e a transparencia na xestión nas administracións públicas.

Neste marco xurídico de desenvolvemento dos orzamentos, a Universidade de Vigo está suxeita á normativa do Estado e á da comunidade autónoma. De xeito máis significativo, a normativa para considerar é a seguinte:

I. 1.1. Lei orgánica de universidades

O artigo 2.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril) recolle a competencia da universidade para elaborar e aprobar o seu orzamento anual. Nos termos da lei, a autonomía das universidades comprende «A elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos e a administración dos seus bens».

O artigo 14.2 establece as competencias do Consello Social sobre o orzamento e a programación plurianual:

Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da universidade, a proposta do Consello de Goberno. Ademais, con carácter previo ao trámite de rendemento de contas a que se refiren os artigos 81 e 84, correspóndelle aprobar as contas anuais da universidade e as das entidades que dela poidan depender e sen prexuízo da lexislación mercantil ou outra ás que as ditas entidades poidan estar sometidas en función da súa personalidade xurídica.

O título XI establece o marco do réxime económico e financeiro das universidades públicas.

En concreto:

No artigo 79.1 recóllese que «As universidades públicas terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos na presente lei. Para tal efecto, garantírase que as universidades dispoñan dos recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade».

O artigo 81 foi obxecto de importantes modificacións por parte do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que no seu artigo 6 indica:

81.2: O orzamento será público e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos. Para garantir un mellor cumprimento da lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, as universidades deberán cumprir coas obrigas seguintes:

- Aprobarán un límite máximo de gasto con carácter anual que non poderá ser superado.
- Os orzamentos e as súas liquidacións refiriranse expresamente ao cumprimento do equilibrio e da sustentabilidade financeiros.

81.4: Ao estado de gastos correntes acompañarase a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade, especificando a totalidade dos custos desta e incluíndo un anexo no que figuren os postos de novo ingreso que se propoñen.

Os custos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados pola comunidade autónoma, no marco da normativa básica sobre oferta de emprego público. Así mesmo, o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal polas universidades deberá respectar a normativa básica estatal na materia.

81.5: As universidades deberán elaborar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.

No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, o Consello Social deberá, na primeira sesión que teña lugar, reducir gastos do novo orzamento pola contía igual ao déficit producido. A expresada redución só poderá revocarse por acordo do citado órgano, por proposta do reitor, tras o informe do interventor e a autorización do órgano correspondente da comunidade autónoma, cando a dispoñibilidade orzamentaria e a situación de tesouraría o permitiran.

As transferencias, con cargo aos orzamentos da comunidade autónoma, a favor, directa ou indirectamente, das universidades requirirán a aprobación e a posta en funcionamento da redución de gastos.

As universidades remitirán unha copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais á comunidade autónoma (...). A falta de remisión da liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas no caso de liquidación con remanente negativo,

facultará a comunidade autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da universidade.

I.1.2. Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Publicada no BOE do 30 de abril de 2012, o seu artigo segundo establece que se aplicará a: b) Ás comunidades autónomas, incluíndo nestas todas as entidades vinculadas entre as que se atopan as universidades.

O artigo 3, o principio de estabilidade orzamentaria sinala:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo undécimo, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.
2. Ningunha Administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

O capítulo IV da lei orgánica dedícase ás medidas preventivas, correctivas e coercitivas. O seu artigo 18 sobre medidas automáticas de prevención indica no seu apartado primeiro:

1. As administracións públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpra o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Entre as medidas correctivas, o artigo 21 sobre o plan económico-financieiro sinala:

1. No caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración que incumpra formulará un plan económico-financieiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e co alcance previstos neste artigo.

2. O plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, se for o caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e de gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os cales se basean estas previsións, en consonancia co recollido no informe ao que se refire no número 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

A sección terceira da lei orgánica dedícase ás medidas coercitivas para o caso de incumprimentos por parte da Administración pública responsable.

O artigo 25 sinala:

1. No caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio, a Administración pública responsable deberá:

- a) Aprobar no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento a non dispoñibilidade de créditos que garanta o cumprimento do obxectivo establecido.
- b) Constituír un depósito con xuros no Banco de España equivalente ao 0,2 % do seu produto interior bruto nominal. O depósito cancelarase no momento en que se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.

Se no prazo de tres meses desde a constitución do depósito non se presentase ou aprobase o plan, ou non se aplicasen as medidas, o depósito non devindicará xuros. Se transcorrido un novo prazo de tres meses persiste o incumprimento, poderá acordar que o depósito se converterá en multa coercitiva.

2. De non adaptarse as medidas previstas na alínea a) do número anterior ou no caso destas resultaren insuficientes, o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de

Facenda e Administracións Públicas, dunha comisión de persoas expertas para valorar a situación económico-orzamentaria da Administración afectada. Esta comisión poderá solicitar, e a administración correspondente estará obrigada a facilitar, calquera dato, información ou antecedente respecto ás aplicacións de ingresos ou de gastos. A comisión deberá presentar unha proposta de medidas e as súas conclusións publicaranse nunha semana. As medidas propostas serán de obrigado cumprimento para a Administración que incumpra.

Non se poderá autorizar ningunha operación de crédito, nin a administración correspondente terá acceso aos mecanismos de financiamento previstos nesta lei ata que as devanditas medidas fosen implantadas.

I.1.3. Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia

(A súa vixencia está afectada pola posterior reforma do artigo 135 da Constitución e pola promulgación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Publicada no DOG do 29 de xuño de 2011, o seu artigo segundo establece que se aplicará a: c) Ás universidades públicas de Galicia e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas.

O artigo 3, principio de sustentabilidade financeira, sinala:

1. As actuacións dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei garantirán a sustentabilidade financeira das súas finanzas ao longo do ciclo económico.
2. Entenderase por sustentabilidade financeira, para os efectos desta lei, a capacidade de financiar compromisos de gasto presentes e futuros sen incorrer nun déficit ou endebedamento público excesivo consonte as normas de estabilidade orzamentaria e os compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea.

O artigo 4, principio de estabilidade orzamentaria, sinala:

1. A política orzamentaria dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei supeditarase ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para a comunidade autónoma de Galicia, definido en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e expresado en porcentaxe do produto interior bruto rexional a prezos de mercado.
3. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 a), a situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos

de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

4. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 b), a posición de equilibrio financeiro.

O artigo 9, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos axentes comprendidos no artigo 2.2 a) realizarase en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento segundo a definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Excepcionalmente, en función da situación cíclica da economía ou de circunstancias extraordinarias, a Administración xeral da comunidade autónoma poderá presentar déficit, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa básica en materia de estabilidade orzamentaria.

Os orzamentos iniciais, ou, de ser o caso, modificados, dos restantes axentes deberán aprobarse e liquidarse en equilibrio en termos de contabilidade nacional, agás as aplicacións que se financien con remanente afectado.

3. A elaboración, aprobación e execución orzamentaria dos axentes aos que se refire o artigo 2.2 b) realizarase en posición de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que se lles aplique.

Entenderase que un axente se atopa en situación de desequilibrio financeiro cando incorra en perdas das que o saneamento requira a dotación de recursos non previstos nos orzamentos dos axentes do artigo 2.2 a) que os cheguen.

No seu artigo 21 «Disposicións específicas para as universidades e para os axentes vinculados a estas ou dependentes delas» indica:

Ademais das disposicións contidas nos capítulos precedentes desta lei, ás universidades e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas aplicaráselles as seguintes disposicións específicas:

1. Os orzamentos das universidades deberán elaborarse con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia.

2. As contas anuais consolidadas de cada universidade deberán remitírselle á consellaría competente en materia de facenda antes do día 30 de xuño do exercicio seguinte. Esta documentación xuntaráse á conta xeral da comunidade autónoma de Galicia para a súa remisión ao Consello de Contas de Galicia.

Na súa disposición transitoria «Plans de sustentabilidade financeira das universidades» indica:

Os orzamentos das universidades axustaranse e executaranse, en todo caso, consonte os plans de sustentabilidade financeira presentados ao abeiro do Plan de financiamento universitario 2011-2015 e co informe favorable da consellaría competente en materia de facenda.

1.1.4. Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2016-2020

O PFSUG 2016-2020 establece un marco financeiro para as tres universidades do SUG, no que se marcan unhas áreas de repartición e indicadores para distribuír as achegas orzamentarias. Este plan continúa as liñas básicas trazadas no anterior plan de financiamento do SUG 2011-2015, mudando os criterios de repartición entre as tres universidades e asignando novas ponderacións aos diferentes indicadores aprobados.

O plan mantén a liña iniciada en 2011, establecendo un moderado incremento do financiamento para os primeiros tres anos e outorgando progresivamente un maior peso á repartición por resultados.

No apartado segundo deste capítulo indícanse os aspectos máis salientables do PFSUG, así como o efecto agardado sobre o orzamento da nosa institución para os vindeiros anos.

1.1.5. Estatutos da Universidade de Vigo

Os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, da Xunta de Galicia, recollen como unha das funcións do Consello de Goberno (artigo 16 k) a aprobación dos proxectos de orzamentos, segundo o informe preceptivo das liñas xerais do Claustro, das contas anuais da universidade para o seu trámite ao Consello Social.

No seu título IV dedicado ao réxime económico e financeiro da universidade, sinálase no artigo 112 respecto ao orzamento:

O orzamento da universidade, como Administración pública, será único, anual, público e equilibrado. Conterá a totalidade dos ingresos e dos gastos, así como os obxectivos que acadará. A estrutura do orzamento da universidade, o seu sistema contable e os documentos que comprenden as súas contas anuais adaptaranse ás normas que, con carácter xeral, se establecen para o sector público e, para os

efectos de normalización contable, aos plans de contabilidade que a Xunta de Galicia puidese establecer para as universidades da súa competencia.

I.1.6. Proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2020

O Proxecto de lei, actualmente en fase de discusión no Parlamento de Galicia, dedica o seu título II aos gastos de persoal, e recolle no seu artigo 11 «Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal»:

Dous. No ano 2020 as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2019, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma á súa antigüidade.

No artigo 34. Custos de persoal máximos das universidades de Galicia, indícase:

1. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da comunidade autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2020 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do sistema universitario de Galicia nas seguintes contías, expresadas en miles de euros:

	Masa salarial	Seguridade Social	Total
Santiago de Compostela	139.594 €	19.978 €	159.572 €
A Coruña	86.198 €	12.888 €	99.086 €
Vigo	89.720 €	13.913 €	103.633 €
Total	315.512 €	46.779 €	362.291 €

Este importe de masa salarial máxima recolle o importe previsto para a aplicación do incremento retributivo establecido no II Acordo Goberno-sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, do 9 de marzo (*Boletín Oficial do Estado* do 26 de marzo de 2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración xeral do Estado. Nas anteriores contías non está incluído o custo do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación, nin o do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

2. As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do sistema universitario de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2019. Todo isto sen prexuízo da adecuación ao previsto no II Acordo Goberno-sindicatos para a mellora do emprego

público e as condicións de traballo, do 9 de marzo (*Boletín Oficial do Estado* do 26 de marzo de 2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración xeral do Estado.

Artigo 35. Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do sistema universitario de Galicia

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento do labor docente, do labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2019.

Artigo 36. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do sistema universitario de Galicia

1. As universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, aplicarán a taxa de reposición máxima establecida na normativa básica ditada ao respecto e con suxeición aos límites e requisitos establecidos para os corpos de catedráticos/as de universidade e de profesores/as titulares de universidade e mais ás prazas de persoal de administración e servizos.

As correspondentes convocatorias deberaas autorizar a Consellería de Facenda, logo de acreditar que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Dentro das contías máximas autorizadas no artigo 34 desta lei e de acordo co que dispón a normativa básica en materia de taxa de reposición de efectivos, as universidades do sistema universitario de Galicia poderán contratar excepcionalmente persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Substitúese o réxime de autorización previa conxunta polo de comunicación mensual que determinen as consellarías competentes en materia de universidades e de orzamentos. Mediante unha resolución destes centros directivos poderase volver ao sistema anterior no caso de que non

se realicen as mencionadas comunicacións ou se incumpran as condicións recollidas no parágrafo anterior para a subscripción destes contratos.

I.1.7. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

A Lei 19/2013 ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

Son obxecto de mención pola implicación que supoñen para o funcionamento da universidade os seguintes artigos:

Artigo 5, punto 4: A información suxeita ás obrigas de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web de maneira clara, estruturada e entendible para os interesados (...).

Artigo 8, punto 1: Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria (...).

Artigo 26. Principios do bo goberno. Enumera entre os seus principios xerais para as persoas comprendidas no ámbito de aplicación deste título:

- Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral.
- Exercerán as súas funcións con dedicación ao servizo público.
- Respetarán o principio de imparcialidade.
- Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.
- Actuarán coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas e fomentarán a calidade na prestación dos servizos públicos.
- Manterán unha conduta digna e tratarán os cidadáns con esmerada corrección.
- Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen.

1.2. O Plan de financiamento universitario de Galicia 2016-2020

Para este exercicio económico 2020, aplicamos por quinta vez o vixente plan para o financiamento universitario de Galicia (PFSUG 2016-2020), posto en funcionamento no exercicio 2016.

Como xa nos pronunciamos canda a aprobación do plan, e tamén na preparación do orzamento dos exercicios precedentes, o plan supuxo un lixeiro aumento das achegas, consonte as expectativas de recuperación económica, e tamén considera a necesidade de incluír o financiamento por resultados, como veu defendendo nos últimos anos a Universidade de Vigo. Pola contra, o actual plan reduciu os fondos reais repartidos en función de resultados.

A estrutura de financiamento do PFSUG continúa repartida en dous grandes fondos: o financiamento estrutural e o financiamento por resultados.

1.2.1 Financiamento estrutural

O financiamento estrutural no PFSUG 2016-2020 representou no ano 2016 o 66,6 % do total do financiamento do plan, cun importe inicial de 237,75 millóns de euros anuais. Esta contía está dedicada a financiar o custo estimado das necesidades de persoal docente e investigador e de administración e servizos, partindo dunha estimación teórica de custo estándar da docencia. Así mesmo, este custo calcúlase en función do número de alumnado, eliminando os criterios históricos e mellorando a transparencia e a obxectividade do fondo.

A táboa 1 introduce os criterios de repartición do fondo estrutural para 2020, que definimos deseguido:

Fondo		Definición
Financiamento estrutural	Custo estándar	<p>Inclúe as contías para transferirlle a cada institución en función do custo estimado da docencia nos graos e nos mestrados oficiais ofertados, PDI, PAS e capacidade instalada.</p> <p>O cálculo baséase en datos das universidades.</p> <p>Compoñentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Custo da formación - Custo do persoal de apoio
	RAM	<p>Inclúe contías para transferir en concepto de obras de reforma, ampliación e mellora. O cálculo baséase na valoración de bens inmobles de cada entidade (datos de orzamentos liquidados).</p>

Táboa 1. Criterios de cálculo de financiamento estrutural no actual PFSUG

a) Fondo determinado polo custo estándar: a repartición deste fondo baséase na estimación do custo docente estándar e do custo funcional das universidades do SUG, que será recalculada anualmente. Para este cálculo tomaranse como referencia os seguintes parámetros estándar:

- Tamaño de grupo: para cada unha das materias ofertadas polas universidades públicas en titulacións oficiais (graos e mestrados) defínese un tamaño de grupo estándar, e distínguese entre créditos teóricos (establecido en 60 alumnos/as por grupo) e prácticos (16 alumnos/as para as materias experimentais e 38 para as non experimentais).
- Número de horas de docencia por crédito: establécese en sete horas, das que catro lle corresponden á docencia teórica e tres á docencia práctica.
- Número de horas de docencia por cada PDI: establécese que para determinar a repartición estrutural o número de horas por cada PDI será de 180 horas de docencia.
- Módulo económico: establécese un módulo estándar de docencia tendo en conta as retribucións do PDI en función do tipo de efectivo (catedrático/a, titular, contratado/a doutor, axudante/a doutor e asociado/a).

b) Fondo determinado para a reforma, acondicionamento e mellora (RAM): trátase do financiamento estrutural destinado a subvencionar gastos de investimento derivados de obras por estas tres

necesidades. A repartición deste subfondo realizarase tendo en conta as contías percibidas por este concepto por cada unha das universidades en 2015 e a valoración dos bens inmobles de cada una delas, de acordo coa táboa 2:

Exercicio orzamentario	% correspondente á repartición de 2015	% correspondente á valoración de bens inmobles
2017	37,50	62,50
2018	25,00	75,00
2019	12,50	87,50
2020	0,00	100,00

Táboa 2. Porcentaxes de repartición do fondo RAM

Ao noso xuízo, os criterios de determinación que acabamos de describir teñen o efecto positivo de ser parámetros de medida; porén, adoecen de condicións necesarias para definirse como custo estándar da docencia, que ten compoñentes que consideramos que non se inclúen nesta definición. A nova repartición do financiamento estrutural, en todo caso, está determinado por este modelo.

1.2.2. O financiamento por resultados

O financiamento por resultados representou no exercicio 2016, primeiro do plan vixente, o 33,4 % do total do financiamento e estímase que chegará a representar o 40 % en 2020.

No que toca á súa repartición, a táboa 3 recolle os diferentes conceptos que compoñen os resultados. Entre eles están os sexenios e os complementos retributivos do persoal de cada unha das universidades do SUG e os convenios vinculados a liñas de investigación, que no plan anterior non se consideraban parte do financiamento por resultados.

Para repartir este fondo realízase un cálculo a partir de indicadores de índole académica, de investigación e transferencia, e uns obxectivos de mellora da calidade para avanzar na especialización dos campus e na mellora en clasificacións académicas, entre outros. A táboa 5 presenta a repartición deste financiamento.

A definición dos criterios e dos subfondos que compoñen o financiamento por resultados é a seguinte:

a) Complementos retributivos e compensación de matrículas:

Este subfondo comprende as compensacións ás universidades polos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica, no que atinxe a complementos retributivos do persoal docente funcionario e ás compensacións por matrícula do alumnado.

Financiamento por resultados	Complementos retributivos e compensación por matrículas	Compensación normativa estatal e autonómica: contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos estatais e autonómicos e compensacións anuais por bolsas e prezos públicos
	Outros custos asociados ao ensino universitario	Contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de: <ul style="list-style-type: none"> - Centros asociados da UNED en Galicia - Fundación Rof Codina - Axencia da Calidade do SUG - Consellos sociais
	Panel de indicadores	Contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades en cada un dos indicadores que configuren un panel onde se recollan as principais áreas de acción: <ul style="list-style-type: none"> - Indicadores de rendemento académico - Indicadores de investigación e de transferencia
	Fomento da I + D + I e a transferencia	Contías vinculadas ao financiamento da investigación mediante convocatorias en concorrencia competitiva e convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento vinculados a: <ul style="list-style-type: none"> - Captación, formación e retención de talento - Investigación de referencia - Accións de mellora da calidade

Táboa 3. Criterios de cálculo de financiamento por resultados no novo PFSUG

b) Outros custos asociados ao ensino universitario

Nesta partida considéranse os créditos destinados a institucións de carácter universitario que desenvolven a súa actividade no territorio da comunidade autónoma de Galicia.

c) Panel de indicadores

A repartición dos créditos asociados a este subfondo realizarase aplicando os valores obtidos por cada unha das universidades do SUG nos indicadores de resultados recollidos na táboa 4, que definen os obxectivos que se acadarán, fundamentalmente vinculados á investigación.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PONDERACIÓN %
PGFU-01	Número de grupos de investigación	10
PGFU-02	Captación de talento investigador	20
PGFU-03	Patentes en explotación	6
PGFU-04	Relación entre sexenios posibles e óptimos	5
PGFU-05	Producción científica	10
PGFU-06	Visibilidade da produción científica	10
PGFU-07	Teses de doutoramento defendidas	2
PGFU-08	Ingresos de investigación	15
PGFU-09	Proxectos nacionais e internacionais	5
PGFU-10	Alumnado de posgrao por graduado	10
PGFU-11	Taxa de graduación	6
PGFU-12	Alumnado estranxeiro matriculado	1

Táboa 4. Panel de indicadores de resultados

d) Fomento da I + D + i e da transferencia

Comprende os créditos vinculados ao financiamento da I+D+i realizados no eido universitario e noutros centros públicos de investigación avanzada, así como a transferencia de coñecemento. As actuacións enmárcanse no Plan de innovación intelixente de Galicia 2016-2020 e no programa operativo Horizonte 2020 da Unión Europea. A repartición deste fondo realízase en función de convocatorias de concorrencia competitiva, polo que o financiamento por este concepto depende da taxa de éxito nas convocatorias.

I. 2.3. Estimación inicial do financiamento pola aplicación do novo PFSUG 2016-2020

Logo de aprobarse este PFSUG, a estimación realizada ao inicio do comezo do plan para os ingresos esperados do exercicio 2020 na Universidade de Vigo recóllese na táboa 5, expresada en miles de euros.

Fondo	Distribución	2020
Financiamento estrutural	Custo estándar	84.226
	RAM	1.650
Financiamento por resultados	Comp. retributivos comp.	8.060
	Outros custos asociados ao ensino universitario	10065
	Panel de indicadores	24.385
	Total	118.386

Táboa 5. Estimación de financiamento pola aplicación do novo PFSUG

No cálculo das achegas para o ano 2020 xa se observaba a nova distribución do plan que reparte máis fondos a través dos indicadores de resultados. Asumindo que a táboa anterior é tan só unha estimación realizada ao inicio do comezo do plan, pódese apreciar que os valores inicialmente agardados para o próximo ano ofrece estabilidade, mais non grandes mellorías de financiamento. Os datos reais de estimación para o exercicio 2020 poden observarse no apartado de ingresos do presente texto (táboa 9), tendo en conta que a subida esperada inclúe as subas salariais comentadas. O escaso crecemento da serie queda condicionado a un mellor resultado no panel de indicadores. Isto é consecuencia, pola súa vez, da previsión de evolución das principais magnitudes do PFSUG, que ofrecemos na táboa 6:

Fondo	Subfondo	Evolución
Financiamento estrutural	Custo estándar	Evolución da masa salarial
	RAM	Constante
Financiamento por resultados	Comp. retributivos e comp. por matrículas	Complemento vixentes
	Outros custos asociados ao ensino universitario	Constante agás ACSUG con evolución da masa salarial
	Panel de indicadores	PIB real
	Fomento da I + D + i e a transferencia	Taxa de referencia de crecemento do PIB x 2

Táboa 6. Evolución prevista

1.3. Liñas básicas de actuación

As liñas de actuación que conformarán as propostas do equipo de goberno non só neste ano, senón nalgúns casos, ao longo de todo o mandato, teñen como obxectivo seguir a construír unha universidade de futuro adaptada á nova realidade social que atinxa ás máximas cotas de calidade formadora, investigadora e de transferencia. A globalización e as TIC mudaron o xeito de comunicación, a forma de traballar, a xestión dos recursos. A Universidade de Vigo non é allea a estes cambios. Adaptarse a esta nova realidade non debe limitarse simplemente a mudar certos procesos internos de xestión e de administración (simplificación de procesos, uso de novos programas de xestión...). Somos a institución que «realiza o servizo público da educación superior» (LOU 2001) e, polo tanto, é imprescindible que se incorpore e lidere estes cambios para cumprir do xeito máis eficiente a súa función.

Cumprir calquera obxectivo que nos marquemos como universidade pasa por contar e pór en primeiro plano as **persoas** que forman a comunidade universitaria, pois son indiscutiblemente os mellores activos da nosa universidade.

A. Compromisos profesionais con PDI e PAS

Continuando coa liña iniciada cos orzamentos de 2019 e dentro das restricións impostas polo marco orzamentario no referente ao financiamento da universidade e, sobre todo, aos límites de masa salarial autorizada, os presentes orzamentos para o ano 2020 avanza en cada un dos eixes que conforman a política integral de PDI que constitúe uns dos piares fundamentais da política que o equipo de goberno está levando a cabo. Así, dentro do contorno limitativo descrito, as principais actuacións para 2020 céntranse nas seguintes liñas principais:

_ Continuar coa planificación iniciada no orzamento do ano 2019 para avanzar progresivamente na recuperación do poder adquisitivo do PDI, e que suporá cumprir co obxectivo de aboarlle as pagas extras íntegras ao PDI no ano 2022.

_ Seguir coa aposta decidida pola promoción e estabilización do PDI, volvendo utilizar as ofertas de emprego público para sacar a concurso o máximo de prazas de funcionarios/as dos corpos docentes que permite a taxa de reposición fixada pola Lei de orzamentos do Estado (108 %), e creando tamén o máximo de prazas de catedrática/o de universidade legalmente posible. Ademais, co fin de cumprir o establecido no convenio colectivo respecto da carreira académica, promoverase a promoción a figuras estables de todo o profesorado axudante doutor que finalice o seu período máximo de contratación na devandita figura e obtivera a acreditación correspondente.

- No referente á estabilización do PDI, no ano 2020 farase un esforzo para rematar o plan de promoción do profesorado asociado que cumpra determinados requisitos á figura de profesorado axudante doutor, o que suporá a estabilización de todo o profesorado participante no devandito plan.

_ No referente ao persoal investigador, seguirase coa aposta pola retención de talento de máximo nivel, estabilizando todo o persoal que ocupa unha praza Ramón y Cajal, cumpra os requisitos legalmente establecidos e finalice o seu contrato, ademais de continuar con outras medidas en forma de plans de captación e retención para o resto dos investigadores/as, con base no criterio de mérito e de capacidade.

_ Séguese a facer un esforzo importante (similar ao do ano 2019) na liña estratéxica para a universidade de convocar novas prazas utilizando a figura de profesorado axudante doutor para avanzar na corrección de desequilibrios no referente ao grao de consolidación das diferentes áreas de coñecemento nos tres campus, así como no rexuvenecemento do cadro de PDI.

_ Por último, aínda que non menos importante, seguirase a avanzar no cumprimento dos compromisos relativos á mellora das condicións de traballo do PDI, facendo realidade o compromiso de igualar a dedicación docente do profesorado permanente a tempo completo, independentemente da categoría da praza que ocupe, evitando a discriminación actual por categoría, que afecta aproximadamente a cincuenta profesores e profesoras.

En canto á política dirixida ao persoal de administración e servizos (PAS), as actividades centraranse nas seguintes liñas de actuación:

_ Continuación e afondamento dos traballos das comisións de traballo creadas no Claustro, para as diversas áreas de xestión como instrumentos técnicos a través dos cales a universidade procura unha ordenación do persoal conforme as necesidades reais dos servizos, coa definición dos requisitos precisos para desempeñar cada posto, procurando axustar o número de postos ás necesidades de cada unidade, racionalizando a organización e mellorando a distribución e a xestión da universidade. O propósito destes procesos é a revisión e a reorganización das relacións de postos de traballo (RPT) do persoal de administración e servizos (PAS) nas que se teñen advertido diversas disfuncións e desequilibrios, que provocan unha diminución nos niveis de eficacia, eficiencia e calidade na prestación de servizos.

_ Daranse novos chanzos, sempre na esfera que establezan os orzamentos xerais do Estado, na política de redución das cotas de temporalidade. Neste eido, a oferta de emprego público de 2019 completa o proceso de estabilización iniciado na OEP de 2018, tanto do PAS laboral coma do

funcionario, o que nos vai permitir reducir a taxa de temporalidade no colectivo PAS da universidade por debaixo do 8 %, especificado na Lei 6/2018 de orzamentos xerais do Estado 2018 (BOE núm. 161, do 4 de xullo).

_ Un dos piares fundamentais da política do equipo de goberno reside na recuperación do diálogo e da negociación coa representación social do PAS, como ferramenta imprescindible para avanzar en cuestións consideradas fundamentais, tales como o impulso de plans de promoción integral para o persoal funcionario e laboral, tanto a nivel de carreira vertical coma horizontal; o establecemento de criterios negociados e estables con respecto á mobilidade e traslados do persoal, en adecuación ás peculiares circunstancias xeográficas dos tres campus da Universidade de Vigo; o afondamento na mellora da formación específica do PAS que incremente a cualificación e a capacitación do capital humano; alicerzar a coordinación entre as diferentes áreas vinculadas co asesoramento aos grupos de investigación, decanatos e departamentos con bases de datos áxiles que permitan unha resposta inmediata, coa definición clara das tarefas que se realizarán por cada área vinculada á xestión.

Dentro desta política de diálogo e de negociación, no marco dos compromisos adquiridos polo equipo de goberno retomárase, para darlle novo pulo, o proceso de funcionarización do PAS laboral.

B. Desenvolvemento integral das e dos estudantes

A universidade ten un compromiso co alumnado para ofrecerlle unha formación o máis integral posible, incrementando a relación coas empresas para mellorar a empregabilidade e facilitar a integración na vida laboral. Este compromiso maniféstase nun conxunto de liñas de actuación externas e complementarias á propia docencia que están orientadas a todos os colectivos de estudantes.

Os obxectivos para este ano 2020 inclúen accións nas seguintes áreas:

Normativas

A aprobación dos novos estatutos e a experiencia na aplicación dalgunhas normas requiren da elaboración e/ou actualización de normativas e regulamentos. En particular:

- _ Regulamento de estudantes
- _ Regulamento de avaliación e cualificación
- _ Normativa de prácticas externas

_ Regulamento de recoñecemento de créditos

Atención, apoio e orientación ao estudiantado (Sección de Información ao Estudiantado, SIE)

Para mellorar a atención, asesoramento, comunicación, apoio e orientación ao estudiantado propóñense as seguintes actuacións:

_ Seguir a mellorar a accesibilidade, a visibilidade e o coñecemento por parte da comunidade universitaria e non universitaria dos puntos de información ao estudante da Universidade de Vigo.

_ Apoiar o futuro alumnado durante o proceso de admisión e matrícula na Universidade de Vigo, así como manter o contacto continuado coa Comisión Interuniversitaria de Galicia e cos grupos de traballo existentes no ámbito nacional para poñer en funcionamento accións e desenvolver proxectos específicos.

_ Desenvolver un portal que sexa o punto centralizado sobre procedementos e información de utilidade para o alumnado durante as distintas fases da súa relación coa universidade.

_ Implantar medidas que favorezan a integración do alumnado de novo ingreso na vida universitaria co fin de atender ás súas necesidades formativas e informativas, como o acto de benvida institucional ou a elaboración da guía de benvida onde reciban toda a información necesaria para desenvolverse na vida universitaria.

_ Informar e intermediar entre o alumnado e os servizos internos relacionados coa oferta formativa da Universidade de Vigo, tales como o de grao, posgrao ou formación complementaria.

_ Elaborar a guía das saídas profesionais de forma que conecte as titulacións, coas saídas profesionais coas empresas máis relevantes en cada sector.

_ Identificar as carencias en hábitos e en técnicas de estudo do alumnado e elaborar unha oferta formativa completa.

Bolsas (Servizo de Bolsas)

Para asegurar o acceso á universidade e á igualdade de oportunidades, propónse continuar co programa de bolsas, axudas e premios para o estudiantado xa existente na nosa universidade, ademais da consolidación e da creación doutras novas bolsas:

_ Bolsas de comedor e de residencia: destinadas a financiar os gastos derivados da actividade académica regular das persoas con menores rendas familiares.

- _ Bolsas de circunstancias económicas e familiares especiais: recolle as situación observadas ao longo dos últimos anos que requiren unha especial atención de recursos económicos e que non estaban sendo atendidas pola convocatoria de situacións sobrevidas.
- _ Premios de excelencia académica: recolle o premio para alumnado que inicia titulacións de mestrado, xunto cos premios habituais para alumnado que inicia grao e doutoramento, e completa deste xeito todo o mapa de titulacións.
- _ Bolsa de estudos de mestrado: para garantir o acceso ao alumnado afectado polo cambio de requisitos académicos da convocatoria xeral do MEFP.
- _ Bolsas de formación e de prácticas: consolidando no orzamento o compromiso coa formación complementaria do alumnado de titulacións oficiais.
- _ Bolsas de mobilidade para realizar actividades de carácter formativo: para fomentar a participación do alumnado en proxectos e en eventos de carácter cultural, científico, de especialización ou perfeccionamento que complementen a súa formación académica.
- _ Bolsas para realizar cursos no Centro de Linguas: para facilitarlle a aprendizaxe de linguas estranxeiras ao alumnado de titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
- _ Bolsa para alumnado acollido ao programa SICUE para garantir que as condicións económicas familiares non impidan o acceso ao programa.

Emprego e emprendemento (Área de Emprego e Emprendemento)

O obxectivo xeral da Área de Emprego e Emprendemento é impulsar a inserción laboral do estudantado e persoas tituladas da Universidade de Vigo. Para acadar este propósito propóñense as seguintes accións:

- _ Incrementar o número de convenios de cooperación educativa con empresas e institución e mellorar a aplicación informática de xestión de convenios en coordinación co resto de servizos da Universidade de Vigo, cos que se compartirá o seu uso, así como promover a xestión centralizada dos convenios de cooperación educativa para realizar prácticas externas, curriculares e extracurriculares.
- _ Coordinar cos centros, coas empresas e con outras entidades na elaboración dun plan de mellora dos protocolos de prácticas curriculares. Actualizar a normativa existente para adecuarse

ás novas disposicións regulamentarias e redactar e aprobar unha normativa que regule as prácticas de títulos propios e a posible formación dual universitaria.

_ Mellorar a actual plataforma de publicación de ofertas e de emprego. Fomentar o programa de inserción laboral mediante a organización de accións formativas de emprego, tanto nos centros coma a través das delegacións de alumnado. Desenvolver novas accións de promoción e fomento da empregabilidade de mulleres e colectivos con necesidades especiais. E colaborar no lanzamento de enquisas de inserción laboral dos egresados e egresadas da Universidade de Vigo que realizan entidades oficiais e externas a esta universidade.

_ Apoio de programas específicos de formación e mentorización para desenvolver ideas de negocio nos tres campus. Posta en funcionamento e dinamización dun espazo de cotraballo que facilite un fluxo de traballo máis dinámico e un maior contacto dos emprendedores/as coa sociedade, e destes coas empresas e entidades. Difusión e axuda na xestión de programas que outras entidades deseñan para mellorar a empregabilidade do alumnado e as persoas acabadas de titular.

_ Fomentar as relacións transfronteirizas entre Galicia-Norte de Portugal mediante a organización de actividades de divulgación e formación conxuntas propostas no convenio asinado co Eures.

_ Creación dunha rede de antigo alumnado da Universidade en colaboración co Observatorio de Persoas Tituladas da Universidades de Vigo para desenvolver unha comunidade e punto de encontro entre o alumnado e as persoas tituladas pola Universidades de Vigo, tanto noveles coma séniors, que xa teñan consolidada a súa carreira profesional. Por en funcionamento un programa de mentorización do estudantado.

C. Plan de captación de alumnado

No curso 2018/2019 presentouse o Plan de captación de alumnado da Universidade de Vigo que recolle un conxunto de actividades dirixidas a darlles a coñecer a oferta formativa e as fortalezas da Universidade de Vigo ao profesorado non universitario, aos equipos de orientación de colexios e de IES, aos centros de FP, ao estudantado preuniversitario, aos proxenitores e ás familias. No ano 2020 propónse poñer en funcionamento e consolidar as seguintes actividades recollidas no plan:

_ Promocionar a oferta académica de grao e posgrao da Universidade de Vigo estando presentes nas principais feiras, xornadas e eventos de orientación universitaria como Edugal, Uniferia, Unitour, FIEP, Findeu, PontUpStore, XOUP, NEV e as que teñan lugar en institucións educativas públicas, privadas e concertadas.

_ Difundir a oferta formativa en todas as vilas galegas a través das Xornadas Comarcais de Orientación Universitaria. O obxectivo principal é achegar a nosa institución a todos os puntos de Galicia. Nelas o persoal da Universidade de Vigo facilita información sobre as probas de acceso e de admisión á universidade, a oferta formativa e as instalacións, os servizos e a vida universitaria. Ademais, profesorado universitario expón as características académicas e as saídas profesionais das titulacións de grao por ámbito de coñecemento.

_ Consolidar as iniciativas de colaboración entre centros de secundaria e a Universidade de Vigo mediante o desenvolvemento formal do programa STEM Bach. STEM Bach é un bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía creado ao amparo da Xunta de Galicia. Este programa supón a posta en funcionamento de traballos conxuntos desenvolvidos entre profesorado e alumnado de bacharelato e o PDI da universidade a través de miniproxectos de investigación que se deberán defender unha vez rematados.

_ Consolidar o proxecto «Inspira STEAM Galicia» destinado a espertar vocacións nos estudos científicos e tecnolóxicos entre as alumnas de educación primaria. O proxecto baséase en accións de sensibilización e de orientación que imparten mulleres profesionais do mundo da investigación, a ciencia e a tecnoloxía, mediante sesións de mentoring grupal entre estudantes de 6.º de primaria.

_ Organizar a Xornada de Orientación Universitaria e as Xornadas de Portas Abertas nos tres campus da Universidade de Vigo. Estas xornadas ábrenlles as portas ao futuro alumnado e ás súas familias, e permiten coñecer polo miúdo a oferta formativa en cada centro da Universidade de Vigo.

_ Organizar a xornada de orientación para orientadores/as dos centros de educación secundaria nos tres campus. Os obradoiros de asesoramento están dirixidos especificamente a equipos de orientación e a equipos directivos de centros de educación secundaria, co fin de dar a coñecer a oferta de titulacións da Universidade de Vigo e as súas saídas profesionais, ademais das características da ABAU e do acceso á universidade.

_ Organizar xornadas informativas para as ANPA. Trátase de sesións informativas para familias organizadas a través das ANPA dos centros educativos. Profesorado e persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo acudirán aos centros para informar e dar a coñecer os graos e as principais características da nosa universidade.

_ Habilitar na web da universidade un espazo para que os centros de secundaria e de FP coñezan de forma organizada e con antelación a información, xunto cos formularios de inscrición, do conxunto de actividades de orientación e de divulgación que oferta anualmente a universidade.

D. Aposta pola internacionalización: cara a un ecosistema universitario máis internacional

A internacionalización é un elemento fundamental na Universidade de Vigo porque implica a proxección internacional das súas capacidades, de xeito que é unha fonte de oportunidades para mellorar a calidade da súa docencia e da súa investigación. A Universidade de Vigo está nunha posición privilexiada desde o punto de vista lingüístico, histórico, social e cultural para proxectarse cara a outras institucións non só de Europa e de América Latina senón do espazo lusófono. O proceso de internacionalización previsto para o vindeiro ano é o resultado dunha planificación axeitada baseada nunha estratexia transversal dirixida a cada unha das misións da universidade: docencia, investigación, transferencia do coñecemento e divulgación científica.

Ademais da continuación do reforzo dos programas tradicionalmente vinculados á internacionalización da universidade, inclúense as seguintes accións:

- _ Elaborar un novo plan de internacionalización integral con foco no espazo lusófono.
- _ Mellorar a posición da universidade nas clasificacións internacionais máis salientables, incluídas as de transparencia e bo goberno en colaboración coa Unidade de Estudos e Programa. Implementar medidas dirixidas a incrementar a difusión dos resultados acadados, mellorar a súa interpretación e facelos máis accesibles a todos.
- _ Fortalecer e dixitalizar a Oficina de Relacións Internacionais (ORI).
- Implantar completamente as novas ferramentas informáticas.
- Mellorar a web da ORI e poñer en funcionamento as RRSS.
- Crear o Welcome Center da Universidade de Vigo e mellorar os protocolos de benvida, en colaboración coas demais vicerreitorías. Programa integral de atención a autoridades e a delegacións estranxeiras.
- Visibilizar a oficina da Universidade de Vigo en Bruxelas, en colaboración coa Vicerreitoría de Investigación.
- Plan de descentralización da ORI nos campus de Ourense e de Pontevedra.
- Actualizar o material promocional e as guías do estudiantado, PDI e PAS.
- _ Tratar de incrementar as mobilidades.

- Actualizar os materiais audiovisuais e a docencia virtual como instrumentos de captación internacional en colaboración con outras vicerreitorías.
- Incrementar as mobilidades ERASMUS+ K 107 no grao, mestrado e doutoramento, e de prácticas internacionais.
- Crear un programa de embaixadores/as e de axentes antena da Universidade de Vigo no exterior.
- Desenvolver dúas Semanas Internacionais, en Pontevedra e en Ourense.
- Revisar as coberturas e os seguros médicos das posibles incidencias de membros da Universidade de Vigo en viaxes ao estranxeiro, e do estudantado, PAS e PDI entrantes.
- Ampliar a oferta de países de destino para as mobilidades.
- Responder ante novos retos internacionais.
- Participar nun consorcio de universidades para presentar a solicitude dun proxecto European University.
- Consolidar o catálogo de materias English friendly.
- Plan piloto para materias con reforzo de portugués e de francés.
- Analizar a viabilidade da implantación do proxecto Egracons (European Grade Conversion System) para a conversión das cualificacións a fin de permitir unha interpretación transparente dos logros dos/as estudantes no estranxeiro.
- Diseñar o Plan de urxencias internacionais.
- Consolidar o Programa de internacionalización na casa.
- Acordos para poñer en funcionamento protocolos de cambio de nome por razón de xénero nas universidades coas que temos acordos de colaboración e de intercambio.

E. Calidade docente, titulacións e formación do profesorado

Despois do acordo acadado dentro do sistema universitario de Galicia para implantar titulacións de grao ata o ano 2021, o máis salientable neste eido será o inicio da implantación dos estudos do Grao en Deseño e Creación, así como a elaboración da proposta dun novo grao no ámbito das

humanidades para substituír o actual Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, e a elaboración das propostas dos novos graos acadados no antedito acordo: Relacións Internacionais e Tecnoloxías da Automoción. Así mesmo, proseguirase coa implantación do Grao en Enxeñaría Biomédica, do que comezará o terceiro curso.

No referente ás titulacións de mestrado e de doutoramento, a oferta vaise estabilizando, aínda que se tratará a posta en funcionamento para o curso 2020/2021 dalgúns mestrados novos, como o de Visión por computador, Nanociencia e Tecnoloxía ou Enxeñaría aeronáutica, este último con atribucións profesionais e que lles dará continuidade aos estudos de grao correspondentes.

Outro eixe destacado será a aposta pola formación do PDI e as titulacións non oficiais, polo que tras a creación a finais do ano 2019 da Escola de Posgrao e Formación Permanente, durante o ano 2020 daráselle un impulso inicial ao citado centro para que se converta nunha referencia, interna e externa, a través dunha oferta formativa ambiciosa e adaptada á demanda.

E. Investigación

Os principais obxectivos para o próximo exercicio poden agruparse nas seguintes liñas de traballo: as políticas de agregación e de especialización (centros de investigación e agrupacións...), os principais cambios derivados da política de investigación (oficina de novos proxectos...), o programa de axudas e as novas na produción científica.

1) Políticas de especialización e agrupación

A investigación precisa considerar tanto a agregación de capacidades coma a especialización da oferta. O efecto destes dous compoñentes condiciona o modo en que a universidade reordena o seu potencial e o presenta para crear valor para a sociedade. Só a suma de grandes capacidades de coñecemento orientado a un fin concreto poden competir polos recursos de investigación de primeiro nivel, tanto pública coma privada.

A estratexia de especialización dos campus vén definida por catro proxectos: o Campus do Mar, o Campus da Auga (pódese consultar no apartado específico do campus de Ourense), o Campus Crea (pódese consultar no apartado específico dedicado ao campus de Pontevedra e o Campus Vigo Tecnolóxico (pódese consultar na epígrafe específica de Transferencia do Coñecemento).

A estratexia de agregación de capacidades reflíctese nos centros de apoio á investigación (CAI), (CACTI, CITI, Ecimat, MTI), nos centros de investigación (Atlanttic, CIM, Cinbio, Cintecx) e as agrupacións estratéxicas (Citaca, Ecobas).

Campus do Mar

O obxectivo de Campus do Mar é converter a nosa institución nun polo interdisciplinario de referencia no ámbito da xeración e transmisión do coñecemento do mar, e o núcleo central e instrumento de liderado do Campus do Mar Galicia-Portugal agregando a totalidade das capacidades de que temos neste ámbito dentro da universidade. Máis especificamente:

- Acadar a masa crítica de investigadores/as que permita a proxección internacional da universidade no ámbito do mar.
- Visibilizar nunha única marca a capacidade de xeración de coñecemento e formación da Universidade de Vigo.
- Actuar como ventá da universidade no proceso de transferencia de coñecemento cara aos sectores empresariais.
- Converterse nun polo de atracción de talento investigador a escala estatal e internacional.

É importante recordar as liñas de actuación marcadas neste proxecto institucional:

_ En primeiro lugar, é preciso salientar a posta en funcionamento do proxecto da antiga ETEA, que se converterá na verdadeira Cidade do Mar da Universidade de Vigo. Acolle a sede central do complexo científico, con aulas e laboratorios. Estamos a traballar na dirección de que ademais dun centro de investigación destacable sexa un centro de creación de riqueza.

_ Diseñarase e planificarase unha futura universidade de verán da eurorrexión nas instalacións do Campus do Mar coa finalidade de ofrecer unha oferta variada e atractiva de todos os ámbitos do saber e do coñecemento humano. Promoverase o debate en temas na fronteira do coñecemento de interese internacional e interrexional, así como a proxección á sociedade, integrando actividades de formación, divulgación e implicación da sociedade dirixidos a diversos públicos, como congresos, cursos especializados, obradoiros, conferencias, campus de verán e eventos sociais e institucionais.

_ Fomentarase o emprendemento mariño de base tecnolóxica, en coordinación coas principais entidades de fomento do emprendemento e innovación da eurorrexión, en particular o Consorcio da Zona Franca de Vigo, e dirixido a estudantes, emprendedores/as, investigadores/as e público xeral.

_ Permitirase a instalación de infraestruturas e tecnoloxías singulares aplicadas ao medio mariño, aproveitando a situación estratéxica sobre a liña de auga, así como laboratorios

especializados que xeren contornas de experimentación nas que os investigadores/as poidan fomentar a innovación.

- _ Procurarase a creación de novos produtos e infraestruturas axeitadas ás necesidades reais das empresas e da sociedade.
- _ Habilitaranse espazos e infraestruturas nas que se desenvolverán e probarán prototipos tecnolóxicos.

Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)

Continúase a traballar no cumprimento das liñas de actuación marcadas neste proxecto institucional:

- _ Manter e mellorar as infraestruturas centralizadas proporcionadas a través do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI) da universidade, e optimizar os servizos prestados á comunidade investigadora, tanto aos grupos de investigación da Universidade de Vigo coma a OPI e empresas.
- _ Seguirase a facilitar e fomentar o uso das infraestruturas do CACTI mediante a implantación dun sistema de bonos derivados dos custos indirectos dos proxectos de investigación.
- _ Rematar e ampliar a elaboración dun catálogo de infraestruturas científico-técnicas centralizadas de investigación, que facilite a oferta optimizada e coordinada de servizos.
- _ Renovar a certificación de calidade ISO 9001 xa existente no CACTI integrada nun sistema xeral de calidade na investigación da Universidade de Vigo.
- _ Adquirir infraestruturas científico-técnicas para o CACTI, resultado das convocatorias 2018 e 2019 de Axudas para a adquisición de infraestruturas científico técnicas do MICIU.

Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)

Continúase a traballar no cumprimento das liñas de actuación marcadas neste proxecto institucional:

- _ Manter e mellorar as infraestruturas da Ecimat e os servizos prestados á comunidade investigadora, tanto aos grupos de investigación da Universidade de Vigo coma á OPI e a empresas.

- _ Rematar e ampliar o catálogo de infraestruturas científico-técnicas centralizadas de investigación, incluíndo as da Ecimat.
- _ Adquirir infraestruturas científico-técnicas para a Ecimat, resultado da convocatoria 2019 de Axudas para a adquisición de infraestruturas científico-técnicas do MICIU.
- _ Implantar o sistema de xestión de calidade ISO 9001 da Ecimat no sistema xeral de calidade na investigación da Universidade de Vigo.

2) Apoio á acabada de crear OPI (Oficina de Proxectos Internacionais)

Esta oficina ten como finalidade informar, axudar e levar a carga administrativa, financeira e de coordinación dos proxectos internacionais, de modo que os investigadores da Universidade de Vigo se ocupen unicamente da parte científica dos proxectos.

Entre os seus obxectivos particulares están:

- Actualizar e ofertar as convocatorias vixentes, cun servizo de alerta aos investigadores/as e a posibilidade de ofrecer información personalizada.
- Ofrecer un servizo integral que pretende que o investigador/a se preocupe tan só da parte científica na preparación da proposta, as xestións administrativas e de coordinación co resto dos socios/as do consorcio.
- Pretender simplificar e axilizar os procesos de forma que o investigador/a se poida centrar na execución da parte científica do proxecto, principalmente na fase de execución do proxecto que implica máis trámites administrativos.
- Promover e axudar na difusión dos resultados da investigación.

Todo iso enmarcado nun sistema de calidade na investigación, tanto no que se refire ao persoal, os recursos humanos e a preservación do selo HRS4R coma aos centros de investigación coas súas certificacións e recoñecementos dos seus sistemas de xestión na norma ISO 9001.

Todo isto contribuirá a:

- _ Proporcionar apoio técnico ao persoal investigador no desenvolvemento e na xestión das actividades de investigación: mellora e mantemento da páxina web e de ferramentas de apoio en liña, clarificación dos procedementos, mellora nas canles de comunicación e posta en funcionamento de solicitudes de axudas de carácter telemático.

- _ Fomento e apoio no desenvolvemento de proxectos competitivos de ámbito internacional.
- _ Darlle continuidade á contratación de xestores e xestoras de promoción de proxectos internacionais, con especialización en cada ámbito de coñecemento, que apoiarán o persoal investigador na identificación de oportunidades de financiamento e a preparación de propostas.
- _ Contratación de tecnólogos ou tecnólogas para apoiar nos servizos xerais de investigación.
- _ Continuar a actualización do mapa de capacidades de investigación, e mellora da ferramenta de consulta de infraestruturas na Universidade de Vigo, no que se inclúa as novas adquisicións de todos os centros de investigación (Cinbio, CIM, Atlanttic e Cintecx).
- _ Definición, estruturación e promoción de novas agrupacións de investigación e clústeres de investigación en sectores con potencial de desenvolvemento, como o ámbito xurídico, as humanidades, as matemáticas ou o eido transversal do medio ambiente.
- _ Desenvolvemento e revisión do plan de acción establecido no cadro da estratexia de recursos humanos de investigación HRS4R e o selo Human Resources Excellence in Research acadado pola Universidade en 2017 e validado en 2019:

(http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/rrhh/estrategias_rrhh.html)
- _ Posta en funcionamento dun procedemento de acreditación e de certificación institucional da calidade que abrangue todos os centros de apoio á investigación e os centros de investigación da universidade.
- _ Fomentar as actividades de divulgación científica con apoio por parte da OPI e coa realización de actividades de difusión, e coa solicitude de proxectos de carácter institucional, en colaboración con outras institucións, que abranguen todo o persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

3) Programa de axudas á investigación 2020

- _ Axudas estruturais a grupos de investigación, especificamente destinadas a incentivar a excelencia dos grupos e á mellora da súa competitividade en convocatorias de ámbito autonómico, nacional e internacional.
- _ Financiamento de actividades de difusión dos resultados de investigación e da creación artística, a través da organización de congresos e reunións científicas e de exposicións, cunha especial referencia á calidade demostrable e á repercusión internacional das actividades propostas.

_ Apoio á formación do persoal investigador, tanto no que respecta a contratos para realizar estudos de doutoramento coma a actividades de mobilidade (bolsas de viaxe, estadías).

_ Axudas á preparación de propostas de proxectos internacionais, que pretende promocionar a participación en redes internacionais e outras actividades que poidan mellorar o acceso do persoal investigador a fontes de financiamento internacionais.

_ Axudas para a publicación en acceso aberto (open access).

Outros programas propios de promoción da investigación

_ Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo.

_ Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo.

_ Programas internacionais de captación de persoal investigador desde as agrupacións estratéxicas e os centros de investigación (programa Cofund).

Produción de investigación

No ano 2020 avaliarase a produción de investigación do ano 2019 e pagarase a produción consonte o avaliado nos anos precedentes a primeiros de ano, xa por primeira vez eliminase o desfase existente. A avaliación farase cos criterios aprobados no consello de goberno do 22 de maio de 2019.

Proxectos, contratos e axudas externas á investigación (axudas finalistas)

- _ Actividades de investigación procedentes de proxectos competitivos en convocatorias autonómicas, nacionais e internacionais.

Bolsas e axudas externas para o persoal investigador.

- _ Amortización de préstamos a longo prazo.
- _ Contratos de investigación.
- _ Outros compromisos.

F. Transferencia do coñecemento.

A Universidade de Vigo ten entre os seus obxectivos favorecer o benestar e o progreso da sociedade na que se mergulla, contribuíndo coas súas capacidades e recursos ao desenvolvemento social, ao crecemento económico e á xeración de emprego, impulsando e apoiando a innovación das empresas e aliñando a investigación da nosa universidade cos retos da sociedade e coas necesidades do tecido produtivo, desenvolvendo programas específicos de colaboración coas empresas en materia de transferencia do coñecemento e innovación.

Este equipo de goberno a través da Vicerreitoría de Transferencia pretende darlles un impulso ás políticas e ás actuacións que vaian dirixidas a conectar a investigación que se fai na nosa institución coas necesidades da sociedade e das empresas, de xeito que estas últimas se apoiem nas capacidades e nos recursos tecnolóxicos e humanos que posúe a Universidade de Vigo en todos os eidos. Para acadar esta tarefa, a Oficina de I + D da Universidade de Vigo será a o nexo de conexión entre a universidade e a sociedade.

Pero os retos que a sociedade actual presenta non se poden dirixir unicamente a unha contorna local, senón que ten que ir mais aló do horizonte próximo. Ten que ser un obxectivo primordial para a transferencia do coñecemento, a proxección internacional da nosa investigación e transferencia. A Vicerreitoría de Transferencia promoverá e apoiará a participación dos investigadores/as nos

programas de transferencia en ámbitos autonómicos, nacionais e internacionais, a través de diferentes actuacións.

Para acadar un maior éxito nestas actuacións levaranse a cabo misións comerciais nacionais e internacionais, coa participación da Universidade de Vigo (Oficina de I + D) en feiras como Foro Transfiere, Biospain etc.

Tendo en conta as actuacións expostas anteriormente, os obxectivos que se formulan para o vindeiro exercicio amósanse a continuación enmarcados nas seguintes liñas de actuación:

Programas específicos para investigadores propios da Universidade de Vigo, enfocados á promoción da transferencia de coñecemento

_ Fondo de protección e valorización da Universidade de Vigo: ten como finalidade protexer e poñer en valor os resultados innovadores da I + D da universidade con potencial de mercado, para que poidan ser transferidos á sociedade mediante acordos de colaboración ou de licenciamento, ou mediante a creación de novas empresas baseadas no coñecemento.

_ Apoio específico ao financiamento dos gastos de instalación das EBT da Universidade de Vigo.

_ Programa de teses de doutoramento industriais: este programa irá encamiñado na liña de establecer fortes unións de colaboracións coas empresas, no ámbito da innovación, contribuindo ademais ao impulso da investigación aplicada próxima ao mercado e á formación dun persoal de I + D + i fortemente especializado e vinculado ás necesidades que o tecido empresarial demanda.

_ Promover a transferencia no ámbito das humanidades e no ámbito xurídico-social. Para iso, está previsto axudar o persoal con axudas específicas.

_ Axudar o persoal investigador no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos con niveis de maduración de TRL1 a TRL3 para conseguir levalos ao mercado.

Produción de transferencia

Respecto á produción de transferencia, valoraranse os méritos de transferencia correspondentes aos anos 2019 segundo os criterios publicados.

Campus Vigo Tecnolóxico

Dentro das liñas estratéxicas da Universidade de Vigo, atópase a consolidación e desenvolvemento do Campus Vigo Tecnolóxico. Este campus de especialización pretende ser un dos piares básicos da Universidade de Vigo, que aglutine os diferentes centros, agrupacións estratéxicas e escolas de enxeñaría do Campus de Vigo baixo o paraugas da innovación tecnolóxica, orientada tanto na liña de investigación aplicada coma na liña de transferencia. O obxectivo que se formula será o de ser un referente na comunidade autónoma galega estendendo a súa influencia ás rexións do noroeste de España e ao norte de Portugal, e conseguir a acreditación de Campus de Especialización da Xunta de Galicia.

Este novo campus de especialización presenta un futuro prometedor, xa que pode abandeirar, tanto a implementación dos hub dixitais promovidos pola Axencia Galega de Innovación coma a potenciación e a inclusión do tecido empresarial na estratéxia de Industria 4.0.

Os obxectivos que se pretenden acadar dentro do desenvolvemento do Vigo Tecnolóxico son:

- _ Definir as liñas básicas de actuación para a especialización da Universidade de Vigo na investigación aplicada e na transferencia de tecnoloxía ao tecido empresarial. Establecer sinerxías entre as diferentes escolas que pertencen á Universidade de Vigo: Escola de Enxeñaría Industrial, Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións e Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- _ Promover e potenciar o nome Vigo Tecnolóxico para que sexa un referente na transferencia do coñecemento baseado explicitamente na aplicación das novas tecnoloxías no tecido empresarial próximo.
- _ Fomentar a cooperación entre os grupos de investigación do ámbito tecnolóxico para optar a proxectos ou contratos de maior envergadura, cubrindo de xeito conxunto un grande espectro de necesidades.
- _ Establecer ou intensificar as relacións con empresas, asociacións, clústeres etc., de Galicia, do noroeste de España e do norte de Portugal, para dar a coñecer as capacidades de transferencia e innovación da Universidade de Vigo.

G. Infraestruturas

A previsión de actuación sobre infraestruturas neste próximo ano é a seguinte:

Infraestruturas científicas

_ Estase a construír o edificio institucional e de I+D da Universidade de Vigo na zona vella de Vigo e remataranse as obras en abril do 2020. Con esta infraestrutura a Universidade de Vigo pretende implantar unha sede institucional para impulsar a súa presenza na cidade e promover a investigación e os intercambios e sinerxías co tecido empresarial, cultural e social de Vigo. Unha vez finalizadas as obras licitarase o equipamento do edificio.

_ Na convocatoria de Axudas a infraestruturas científicas e técnicas e equipamento do ano 2019 do MINECO se obtiveron unhas axudas para o fortalecemento de diferentes servizos que implicarán a realización de diferentes obras de adaptación. O mesmo que con as axudas da convocatoria 2018 que rematen no 2020.

CAMPUS DE OURENSE

_ Exponse realizar unha importante actuación de eficiencia enerxética mediante o deseño e implantación dunha rede de calor xeotérmica que una os edificios de Ferro e Politécnico. Ao mesmo tempo dadas as características do mal illamento térmico do edificio de Ferro propónse a utilización de vinilos de control solar como medio pasivo de climatización para temperar as condicións internas principalmente no verán.

_ Realizaranse melloras e substitución de iluminación actual por nova iluminación led de alta eficiencia, con instalación de regulación e detección de presenza en determinadas zonas, así como un sistema de monitoraxe e xestión integrada do edificio con servizo web

CAMPUS DE PONTEVEDRA

_ Exponse realizar unha importante actuación de eficiencia enerxética mediante o deseño e implantación dunha rede de calor mediante o emprego de biomasa que una os edificios d campus cunha instalación dun sistema de monitoraxe e xestión integrada do edificio con servizo web

_ Non ano 2019 firmouse coa Xunta de Galicia a cesión das plantas 5ª, 6ª e 7ª no edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa de Benito Corbal para sede corporativa do proxecto de especialización do campus de Pontevedra, CREA S2i. A previsión é que as obras finalídense en abril do 2020. Ou espazo que a Xunta porá a disposición da Universidade estará sen equipar polo que haberá que licitar ou mobiliario.

CAMPUS DE VIGO

Biblioteca Central

_ Exponse unha serie de actuacións como poden ser a substitución da caldeira actual por nova bomba de calor xeotérmica de 60 kW con sondas xeotérmicas e adaptacións hidráulicas necesarias para integración en sistema de produción térmica. Así mesmo, realizarase unha actuación nos cerramentos entre corredores fríos e quentes con melloras en rede de extracción retorno en CPD

Edificio Filomena Dato (Antigo CACTI)

_ Entre as actuacións previstas inclúese a nova instalación de produción térmica por aerotermia bombas de calor de alto rendemento, con difusión interior e ventilación completa de locais de edificio, a substitución de iluminación actual sen remodelar por nova iluminación led de alta eficiencia, con instalación de regulación e detección de presenza en determinadas zonas.

Facultade Empresariais Torrecedeira (Comercio)

_ Exponse unha serie de actuacións como poden ser a substitución de ventás actuais pendentes de remodelar en edificio por novas ventás con rotura de ponte térmica, vidros con control solar. A substitución de iluminación actual sen remodelar por nova iluminación led de alta eficiencia, con instalación de regulación e detección de presenza en determinadas zonas.

Edificios Deportivos

_ Exponse dous tipos de actuacións, unha primeira sobre os dispositivos de descarga por novo proxectores led en Pavillón Polideportivo (Pista Polideportiva e zonas comúns Pavillón) e en Edificio Administrativo e Vestiario Bancada. Doutra banda, actuacións na zona exterior de pistas de Tenis Exteriores.

Edificio Escola Enxeñaría Industrial e Edificio de Enxeñaría de Minas e Enerxía

_ Exponse solucións de instalación de módulos fotovoltaicos en cuberta e substitución de iluminación actual sen remodelar por nova iluminación led de alta eficiencia, con instalación de regulación e detección de presenza en determinadas zonas.

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

_ Exponse unha actuación de substitución das caldeiras de gasóleo por caldeiras de gas con sistema de monitoraxe de consumos, con acceso web , integrado en xestión de edificio

Infraestruturas docentes e de servizos

Ao longo do exercicio 2020, están previstas actuacións acordadas cos decanos/as e directores/as dos Centros.

- Reordenación de espazos para un mellor funcionamento dos edificios.
- Melloras na accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Solucións de problemas de illamento e impermeabilización.
- Adecuacións de espazos interiores.
- Electrificación de aulas.
- Melloras nas vías, reparación de firmes, sinalización, pintado...
- Substitucións de iluminación en edificios por outras con tecnoloxía LED, cun consumo moito menor e maior vida útil ...

H. Extensión universitaria

As principais liñas de actuación neste ámbito están orientadas á contribuír á formación integral do estudiantado para favorecer o seu desenvolvemento persoal en valores como a solidariedade, o traballo común, o respecto e o espírito crítico, son as seguintes:

- _ Manter os programas de extensión universitaria co obxectivo de formar ao estudiantado en aspectos que complementan á súa formación académica: cursos de extensión e obradoiros; espectáculos de teatro e música; concursos de fotografía, música, tradución e creación literaria; ciclos de cine.
- _ Promover novas actividades vangardistas e innovadoras para aprender a gozar e apreciar a cultura en todas as súas manifestacións: teatral, musical, expositiva: A título de exemplo, o ciclo de cine documental “Docs del mes” ou a actividade cultural musical “EscoitANTES”.
- _ Poñer en marcha o programa de formación “eDestrezas” orientado ao desenvolvemento e á mellora das competencias dixitais da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- _ Organizar actividades para favorecer e potenciar as competencias transversais e o desenvolvemento persoal dos membros da comunidade universitaria.

- _ Iniciar un programa de axudas orientadas o fomento da celebración de “Olimpíadas do Saber” nos diferentes centros da Universidade de Vigo.
- _ Implicar o estudiantado na participación e organización de actividades deportivas, de ocio e de cultura na universidade e fomentar a súa visibilidade.
- _ Fomentar o asociacionismo entre o estudiantado vencellado á práctica e o desenvolvemento de actividades deportivas, mediante a creación de clubs ou asociacións, programas de voluntariado deportivo e a convocatoria de achegas económicas.
- _ Impulsar unha cultura e un contexto que fomenten os hábitos de vida saudable en colaboración cos distintos axentes e áreas implicadas dentro da Universidade.
- _ Contribuír á internacionalización da Universidade de Vigo a través da participación de proxectos, eventos e actividades deportivas no ámbito europeo.

I. Responsabilidade Social Universitaria (RSU) e Cooperación para o Desenvolvemento (CUD).

A UVigo é unha universidade inclusiva totalmente aliñada á Axenda 2030. No ano 2020 implantarase a Estratexia de RSU que, baixo unha visión holística, poña en contacto as diferentes áreas da institución (docencia, xestión, investigación e extensión universitaria) á vez que defina a relación cos principais axentes sociais para seguir coa posta en marcha do proxecto de promoción social inspirado nos principios que guían os “17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030”. Continúase co obxectivo de acadar un diálogo transparente cos diferentes grupos de interese para a produción e transferencia ética de coñecemento e a formación dunha cidadanía e profesionais responsables socialmente e críticos coa realidade.

- _ Continuación do reforzo dos programas tradicionalmente vencellados á RSU:
 - mellora dos mecanismos que garantan o acceso e permanencia universitaria de colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco social;
 - bolsas de residencia, de transporte e de comedor, entre outras (mencionadas no apartado de bolsas)
 - creación de novas redes de colaboración con institucións públicas, o sector privado, o terceiro sector e a comunidade
 - impulsar á transversalidade da Responsabilidade Social na gobernanza universitaria.

- realización de traballos de investigación e propostas de espazos interxeneracionais para a facilitación da conciliación da vida familiar e laboral, e
- finalización do estudo sobre viabilidade dunha escola de educación infantil no campus de Vigo (CUVI).
- _ Consolidación dos novos formatos de difusión da transparencia e da estratexia de RS da Universidade (máis visualmente atractivos e accesibles á poboación en xeral).
- _ Posta en funcionamento das RRSS sobre RSU.
- _ Constitución do comité de ética na Universidade de Vigo, para a investigación e transferencia
- _ Plan de avaliación do impacto social da investigación da UVigo.
- _ Aliñamento da oferta de graos, mestrado e doutoramentos á Axenda 2030
- _ Fortalecemento do Programa Integral de Saúde e Benestar.
- Plan piloto de vending saudable.
- Promoción de obradoiros e cursos de formación sobre saúde afectivo-sexual para todos os membros da comunidade universitaria.
- Mellora da información nutricional dispoñible sobre as ofertas alimentarias do campus.
- _ Atención á Diversidade:
 - Mellorar a xestión da diversidade na UVigo: acceso, adaptacións curriculares, internacionalización, deporte inclusivo e accións positivas. Impulsar a formación universitaria destinada a persoas con diversidade intelectual.
 - Desenvolvemento do Plan de actuación para a normalización da diversidade funcional no ámbito universitario.
 - Revisión de la normativa de atención ao alumnado con diversidade funcional e mellora dos protocolos de actuación.
 - Mellora do coñecemento por parte da comunidade universitaria da información e servizos ofrecidos pola Universidade de Vigo ó estudantado con diversidade funcional.

- Formación dos responsables de atención á diversidade nos centros en materia de atención á diversidade.
- Plan de mellora das prácticas profesionais e sinatura de convenios que faciliten a súa orientación laboral e acceso ao emprego.
- Actividades orientadas ao mentoring e emprendemento de alumnado con diversidade funcional, en coordinación con outros vicerreitorados.
- Estudo de viabilidade para a creación dun departamento de orientación da UVigo.
- Creación dunha plataforma repositorio de materiais de atención á diversidade.
- Deseño da Human Library da UVigo: espazo de diálogo para a creación de cohesión social e promoción do respecto pola diversidade.
- Deseño do plan de atención a estudantes con altas capacidades.
- _ Mellora da accesibilidade nos tres Campus:
 - Implantación de accións de mellora nos accesos, e mellora da sinalización, en coordinación con outras vicerreitorías
 - Finalización do estudo sobre a accesibilidade do Campus de Vigo (CUVI).
 - Instalación de pictogramas para facilitar a comprensión do entorno da UVigo para persoas con Trastornos do Espectro Autista.
 - Proxecto piloto para adaptar os documentos oficiais á lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual.
 - Adaptación de baños adaptados para persoas ostomizadas nos tres campus.
- _ Deseño do I Plan de atención á Dependencia (respiro familiar).
- _ Realización de informes sobre inclusión e equidade na UVigo.
- _ Deseño do Plan UVigo Participa. Piloto do Portal UVigo Participa e creación do Consello de Participación. Piloto de orzamentos participativos.
- _ Piloto de Maker Space de prototipado social.

- _ Implementación dun plan de redución dos residuos plásticos.
- _ Manual de viaxes, eventos e turismo académico sustentables.
- _ Implementación da folla de ruta do Observatorio RIO (International Observatory of Rural Research) para analizar, investigar e poñer en marcha proxectos de vangarda no medio rural. Implementación de mecanismos “rural proofing” na Universidade.

Cooperación e compromiso social: cara unha Universidade de Vigo máis humana. Plan Huvigo

Poñemos o foco na participación e sensibilización da comunidade universitaria sobre o valor da cooperación para o desenvolvemento (CUD) como compromiso institucional co desenvolvemento humano global, a acción solidaria e a igualdade de oportunidades.

Continuaremos reforzando os programas tradicionalmente vencellados ao Plan de Compromiso Social:

- _ Fomento do asociacionismo e a participación do estudantado, do voluntariado, das accións de solidariedade e CUD: desenvolvemento de programas de voluntariado que favorezan a adquisición de valores e habilidades vencellados á solidariedade por parte do estudantado, PAS e PDI;
- _ mellora do programa de apoio para universitarios e universitarias procedentes de países en situación de emerxencia e para estudantes, docentes e investigadores refuxiados ou demandantes de asilo, e apoio tamén a outros colectivos vulnerables;
- _ apoio á comunidade universitaria na preparación de proxectos orientados á CUD, en colaboración coa OPI (Oficina de Proxectos Internacionais) e sensibilización da comunidade universitaria nese ámbito a través da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento;
- _ elaboración de propostas para a captación de recursos externos, especialmente os programas internacionais de cooperación ao desenvolvemento, a través de acordos con institucións do cuarto sector, co co SEPIE e cas Fundacións Carolina e Mulleres por Africa, entre outras;
- _ continuación co plan de formación en CUD;
- _ bolsas para estudos de posgrao co-xestionadas con diferentes entidades.
- _ Consolidación dos premios HUVigo

_ Desenvolvemento do programa interxeracional, que incluíra conferencias, obradoiros e visitas culturais.

_ Mellora da base de datos de persoas e grupos de investigación en materia CUD

_ Continuación co programa de fortalecemento dos nexos institucionais con universidades e institucións académicas e/ou de investigación en países preferentes para a colaboración en accións de CUD.

_ Organización da segunda Feira da Solidariedade e concertos solidarios nos tres campus.

_ Novos plans e programas:

- Programa integral de formación ao voluntariado de estudantes, PAS e PDI.

- Implementación das Redes Sociais de Cooperación

- Constitución da Comisión de Compromiso Social da UVigo

- Establecemento de alianzas con ONG de carácter internacional

- Creación do mapa da CUD da UVigo.

- Creación do Fondo de Cooperación da UVigo e o seu Regulamento, co obxectivo de regular a xestión, achegas que o integran, planificación do destino de fondos, avaliación e rendemento de contas.

- Fomento da participación da UVigo en programas de ciencia participativa e solidaria, con foco en territorios do rural de Galicia e Norte de Portugal

- Implantación da estratexia dun voluntariado ciberigualitario.

J. Comunicación e Relacións Institucionais

Co obxectivo de avanzar e consolidar a presenza da institución, proxectala na sociedade e difundir a súa oferta formativa a través da súa aparición directa e indirecta nos medios e así como a mellor e o reforzo da comunicación interna e externa, as principais liñas de actuación serán as seguintes:

_ Potenciar as accións de comunicación e promoción da oferta formativa de grao

Campaña comunicación grao

Accións específicas oferta de grao

Difusión nas redes sociais e na web

Posicionamento web

_ Comunicar a oferta de mestrados oficiais

Campaña comunicación mestrados

Especiais mestrados

Difusión nas redes sociais e na web

Posicionamento web

_ Difundir a oferta de estudos de doutoramento

Campaña comunicación doutoramentos

Especiais doutoramentos

Difusión nas redes sociais e na web

_ Dar a coñecer o 30 aniversario da UVigo e a inauguración da sede institucional no Berbés

Campaña de comunicación

Especiais 30 aniversario e inauguración sede Berbés

Difusión nas redes sociais e na web

_ Establecer canles de comunicación e difusión sobre investigacións na UVigo

Realización de vídeos (UCC+i)

Especiais investigacións

Difusión nas redes sociais e na web

_ Mellorar a visibilidade da universidade e as relacións co sector empresarial e institucional público e privado

Patrocinio de actividades

Difusión nas redes sociais e na web

_ Desenvolver un plan integral de comunicación e imaxe institucional

Elaborar un plan integral de comunicación e imaxe institucional

Establecer e desenvolver mecanismos para implantar estratexias de comunicación interna e externa

Mellora dos soportes de comunicación propios (Duvi, Imaxe, tradución ao inglés da web, UVigo TV, redes sociais)

Ferramentas de apoio á comunicación institucional (materiais impresos e audiovisuais: vídeos, folletos...)

Creación da tenda oficial

_ Mellorar a información e a comunicación co estudantando

Potenciar a comunicación a través das redes sociais

K. Campus de Pontevedra (Campus Crea)

No ano 2020 o proxecto de especialización Crea S2i, Social and Sustainable innovation, ten que dar o salto a unha maior proxección. Tense avanzado considerablemente tanto no eido de infraestruturas e dotación de instalacións, así como de difusión e visibilización na contorna máis inmediata e de cara a públicos obxectivo potenciais como as institucións, o tecido empresarial, cultural e social, pero cómpre reforzar estas áreas tal e como expoñemos a continuación. A base desta consolidación ten que ser a redacción dun segundo plan estratéxico cun plan específico de accións co gallo de poder obter o certificado de campus de especialización.

Tal e como se mencionou ao inicio do presente documento, cómpre intensificar os esforzos en difundir o proxecto de especialización CREA cunha proxección de maior alcance por medio da oferta cultural, académica, investigadora e de transferencia que emana do campus. En concreto, destacamos a seguinte:

_ Ampliación da oferta de obradoiros e cursos de extensión e recuperar os cursos de verán, neste caso sobre temáticas especificamente relacionadas coa especialización. A título de exemplo pódense citar os seguintes obradoiros: a iniciación á robótica educativa, gamificación ou un

obradoiro de cociña saudable en colaboración co centro de ensino de formación profesional Carlos Oroza de Pontevedra... Estes últimos encádranse dentro do programa e-Destrezas, que cobre un amplo abano de temáticas de interese para a comunidade universitaria do campus de Pontevedra.

_ No eido da creación cultural continuarán os produtos do Crea xa consolidados como o Festival de Novos Cinemas, as Conversas na UVigo, Conversas con Arte, ciclos de cinema etc.

_ En canto ás Conversas na UVigo, en colaboración co Diario de Pontevedra, botaron a andar neste curso o 23 de outubro, no que o convidado foi o director da editorial Kalandraka, Xosé Ballesteros, ao que se sumará un convidado un (último) martes de cada mes.

_ No ámbito cultural e respecto do cinema, seguiremos apostando pola vinculación do cine dentro da vida universitaria con diferentes propostas de formación, difusión e promoción xunto a outras institucións coas que mantemos colaboracións neste eido. Así, por segundo ano consecutivo, o campus de Pontevedra sumouse a unha rede de cinema documental «Docs del Mes», que estrea cada mes un documental nunha rede de máis de 90 salas de cine de España e de América. Desde setembro este ciclo proxéctase tamén nos campus de Ourense e de Vigo, tamén en colaboración cos cineclubes de ambas as cidades.

_ Vimos de crear a Aula permanente de música tradicional do campus de Pontevedra para ofertar a posibilidade de iniciarse na interpretación dun instrumento tradicional, facilitar a continuidade no ensaio con este tipo de instrumentos a alumnado e acadar a creación dun grupo estable de instrumentos populares galegos no campus de Pontevedra.

_ En colaboración co Ateneo de Pontevedra e coa Asociación de Alumnado e Ex-alumnado Sénior do campus de Pontevedra (ASAEXS) continúa o club de lectura con actividades o primeiro martes (agora o primeiro xoves) de cada mes. Está a ter moita participación; tamén conta coa presenza, nalgún caso, do autor/a da obra.

_ A Sala X e a Sala de exposicións da Vicerreitoría seguirán sendo referentes no apartado expositivo do campus de Pontevedra e daranlle maior protagonismo ao talento da comunidade universitaria do campus. As dúas exposicións participadas polo Consello da Cultura Galega, «Sons de Galicia» (21/08/19-07/09/19) e «Luces de Alén Mar» (03/10/19-31/10/19), son un claro exemplo disto.

_ A Cátedra José Saramago seguirá mantendo a súa sede en Pontevedra, nas que se integrarán traballos interdisciplinarios con docentes e estudantes do campus nun amplo programa de conferencias, exposicións e unha representación teatral.

_ Outro fito será a 13.^a edición do desfile e presentación das creacións da derradeira promoción de Esdemga «Debut», que estará rodeado de accións formativas e de encontros con profesionais que tamén servirán de cara á proxección internacional.

_ Pont Up Store celebrará unha nova edición, sendo xa referente no ámbito do emprendemento galego. Xunto coas accións descritas en canto á relación co tecido empresarial se refire, fortalecerase o programa Incuvi en Pontevedra.

_ A Semana Internacional da Creatividade e da Innovación será o epicentro da difusión da actividade docente e investigadora do Crea, pero iranse planificando ao longo do ano actividades encamiñadas a mellorar a relación co tecido empresarial por medio de encontros, seminarios e obradoiros cos diversos clústeres de interese, networkings con profesionais dos sectores relacionados coa especialización do campus, así como a xeración de sinerxías no eido de investigación.

_ No curso 2018/2019 consolidouse o programa de doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable do campus de Pontevedra, que serviu de catalizador para a actividade investigadora dentro dos preceptos do proxecto de especialización. Para o curso 2019/2020 manteremos unha liña ascendente de cara a favorecer o programa de doutoramento.

_ Participación no proxecto Lapassion liderado polo Instituto Politécnico de Porto e no que o Crea S2i pivota a presenza da Universidade de Vigo. Trátase dun proxecto de fomento de mobilidade do estudiantado de posgraao en proxectos interdisciplinarios que complementan a mobilidade internacional dos/as participantes no programa de doutoramento. Desde Pontevedra estase a coordinar o proxecto e acaba de presentar o Plan de calidade asumindo a asistencia a reunións de xestión, formación de profesorado e proxectos multidisciplinares. Neste ano 2019 ofertáronse catro bolsas para participar nos proxectos multidisciplinares para desenvolver en Sao Luis (Brasil) e Montevideo (Uruguai), que foron cubertas por catro estudantes do campus de Pontevedra. Ademais, tiveron lugar os 4th e 5th Management Meetings, no Porto (xuño de 2019) e Montevideo (decembro de 2019), coa presenza do coordinador do proxecto na Universidade de Vigo.

_ Participación no proxecto In Common Sport (Erasmus +), liderado pola Cámara de Vilanova de Cerveira na que participan cinco países europeos (Portugal, Italia, Hungría, Bulgaria e España). Este proxecto trata de fomentar a práctica deportiva entre as persoas maiores a través da competición entre elas, buscando unha motivación extra a través de diferentes deportes e xogos. O persoal investigador do campus están a participar de forma activa nos meetings e nas convocatorias deportivas del.

_ Con respecto ao Green Campus acabamos de elaborar o Plan de acción 2019/2020 e a execución dalgunhas das medidas presentadas (estudo de eficiencia enerxética e auga, formación dun grupo de consumo responsable Crea, arboredo, recollida de Raee etc.).

_ Seguiranse a celebrar os «Encontro Universidade-Empresa», en colaboración coa Vicerreitoría de Transferencia, co obxectivo de poñer en contacto empresas e persoal investigador para desenvolver proxectos de colaboración e solicitar proxectos nacionais e europeos.

L. Campus de Ourense

CITI

- Promoción dos contactos co tecido empresarial e industrial da contorna, co fin de establecer un vínculo permanente cos parques empresariais e industriais que permita unha sinerxía de oportunidades e opcións de colaboración coa universidade.

- Posta en funcionamento do programa de promoción e asesoramento que permita a creación de propostas de oportunidades de negocio e a participación de entidades de financiamento no desenvolvemento de novas ideas empresariais.

- Adecuación e modernización dos servizos ofertados e desenvolvemento de novos servizos máis actuais e orientados a cubrir demandas non atendidas na contorna industrial.

Respecto ás infraestruturas, ademais do cambio de equipo de climatización no Edificio Politécnico, menciónanse na epígrafe «Infraestruturas».

Campus Auga

Durante 2019 o proxecto de especialización Campus Auga iniciou nunha nova etapa, ao entrar en funcionamento o novo edificio de investigación no que se localizan laboratorios e despachos de investigadores e investigadoras de grupos vinculados co Campus Auga. Ao longo de 2020 espérase obter a acreditación de Campus de Especialización por parte da Xunta de Galicia, e a intención deste equipo é comezar a desenvolver as accións incluídas no Plan operativo plurianual que acompaña a solicitude da acreditación. Entre as tarefas máis relevantes que haberá que tratar en 2020, destacan as seguintes iniciativas:

_ Ao longo de 2020 preténdese desenvolver e aprobar un novo plan estratéxico do Campus Auga, aliñado co da universidade, e que estableza os retos e os obxectivos deste proxecto para os vindeiros anos.

_ No ámbito da investigación que levan a cabo os clústeres de I+D do Campus Auga, organizaranse actividades e dinámicas que xeren colaboración e sinerxías entre persoal investigador de diferentes grupos e ámbitos. Ao mesmo tempo, incentivarase a colaboración con outros campus de especialización e agrupacións estratéxicas con intereses comúns e liñas de especialización complementarias.

_ Preténdese deseñar e implementar un plan de comunicación e de transparencia para darlles maior difusión ás actividades e ás iniciativas do Campus Auga, así como realizar actividades de difusión, colaboracións e accións conxuntas con organismos públicos, entidades privadas, centros educativos e outros, relacionadas coas temáticas da auga, medio ambiente e sustentabilidade. Tamén se mellorará tecnicamente a web do Campus Auga con funcionalidades para unha actualización máis áxil da información, e dotala dunha mellor experiencia de usuario/a.

_ En colaboración coa Unidade de Cultura Científica realizaranse accións de divulgación científica e fomento do pensamento crítico, a través de accións como xornadas de portas abertas, cursos e conferencias divulgativas. Neste ámbito, preténdese elaborar un plan de creación e difusión de materiais e contidos divulgativos relacionados co Campus Auga.

_ No ámbito da transferencia de tecnoloxía e coñecemento realizarase, conxuntamente co CITI, un catálogo de servizos para empresas relacionados coas áreas de especialización do Campus Auga. Ademais, preténdese organizar, en colaboración coa Vicerreitoría de Transferencia, seminarios universidade-empresa no ámbito destas áreas de especialización.

_ Desde o Campus Auga apoiarase a organización do IV Congreso Internacional da Auga, unha iniciativa que leva a cabo bianualmente e de cuxa organización se encarga, en cada edición, un centro diferente do Campus de Ourense. Este congreso, xa consolidado, contribúe a visibilizar o campus, situándoo no ámbito internacional como un referente en temas de auga.

_ Por último, no que se refire ás infraestruturas, será preciso acometer algúns investimentos no edificio do Campus Auga, tendo en conta que en 2019 as limitacións orzamentarias impediron dotar algúns espazos e instalacións pendentes, como a sala de usos múltiples ou a calefacción da nave na que se sitúan laboratorios de investigación do Campus Auga, e de docencia da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Finalmente, é destacable que se manterán as múltiples actividades de Extensión Universitaria (culturais, deportivas, voluntariado, orientación...) que contribúen a proporcionar unha formación integral dos noso alumnado universitario, formación individualizada, en valores e que é complementaria á formación proporcionada nas nosas titulacións (coñecementos ou «hard skills», competencias ou «soft skills»).

ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O ANO 2020. UNIDADE DE IGUALDADE

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2019/2020 a Unidade de Igualdade ten previsto, como todos os anos, patrocinar unha serie de actividades que se ofertan para toda a comunidade universitaria, a través da Convocatoria de axudas para actividades de docencia con perspectiva de xénero e da Convocatoria de axudas para actividades de sensibilización con perspectiva de xénero.

Preténdese convocar, como todos os anos, os Premios Egeria de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao (TFG) e nos traballos de fin de mestrado (TFM) para os ámbitos xurídico-social, científico-tecnolóxico e de artes e humanidades

Mensualmente, elaborárase o Boletín da Unidade de Igualdade, que se publicará tanto na web da Unidade de Igualdade como a través do correo electrónico en «avisos» e «comunidade» a toda a comunidade universitaria.

Días especiais:

O día 23 de setembro, Día Internacional contra o Tráfico de Persoas e a Explotación Sexual, tense previsto realizar unha serie de actividades de sensibilización e denuncia da industria sexual criminal que atenta contra os dereitos humanos e no que as nenas e as mulleres son as máis afectadas.

O 25 de novembro, Día internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, está previsto realizar unha serie de actividades de sensibilización e de denuncia fronte ás dramáticas situacións de violencia contra as mulleres e a publicación do Manifesto da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero Universitarias (RUIGEU) e da CRUE.

O 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, desenvolveranse, como todos os anos, os programas «Experimenta en feminino» (Ourense), «Elas fan CienTec» (Vigo) e o «II Concurso escolar de debuxo e redacción».

O 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, acto institucional da Universidade de Vigo, entregárase o oitavo premio Uviguala e deseñárase o acto institucional conmemorativo deste día.

Medidas singulares:

Deseño e aprobación do III Plan de igualdade da Universidade de Vigo.

Activación, se é solicitado, do *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da universidade* e do *Protocolo de actuación para o cambio de nome e o xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais da Universidade de Vigo*.

Apoio no desenvolvemento de «Puntos Lilas» nas festas universitarias da universidade (protocolo, cartalaría, formación, camisetas etc.), en coordinación cos decanatos e coas delegacións de alumnado de cada centro solicitante.

Actualización do Observatorio de Igualdade. Inclusión de novos informes, tales como o informe cos datos máis relevantes do portal de transparencia analizados desde a perspectiva de xénero.

Difusión da recomendación para favorecer a conciliación do PDI na elección de horarios, en coordinación coa Vicerreitoría de Profesorado.

Seguemento e mantemento das cinco salas de lactación nos tres campus da Universidade de Vigo, en coordinación coa Vicerreitoría de Planificación e Sostenibilidade.

Actividades de formación previstas:

Xornadas Violencia Off. Xornadas de prevención e sensibilización sobre violencia sexual na mocidade coa Secretaría Xeral de Igualdade, nos tres campus.

Cursos de innovación docente coa incorporación da perspectiva de xénero en coordinación xunto coa Área de Innovación e Formación Educativa.

Organización, xunto coas unidades de igualdade da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade da Coruña das V Xornada Universitaria Galega en Xénero (XUGES).

Participación en encontros, xornadas e seminarios

Reunión CRUE-Sostenibilidade, 2020.

XIII Encontro de Unidades de Igualdade 2020.

Curso de verán sobre xénero. Cncello de Lalín 2020.

Observatorio contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero da Secretaría Xeral de Igualdade 2020.

Outras reunións de interese.

Outras actividades

Edición do calendario 2020, con versión descargable na web da Unidade de Igualdade.

A Unidade de Igualdade, en colaboración coa Unidade de Análise e Programas, realizaranse informes para diferentes organismos como a Valedoría do Pobo de Galicia, a Secretaría do Ministerio de Ciencia, en relación con datos desagregados por xénero e políticas de xénero da nosa universidade, entre outros.

Coordinación coas unidades de igualdade galegas e nacionais para a elaborar manifestos conxuntos para celebrar días especiais (8M, 25N, 28 de xuño).

Prevese recibir financiamento do Pacto de estado contra a violencia de xénero (non confirmada), por parte da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, para financiar actividades destinadas á formación, sensibilización e investigación relacionadas coas medidas recollidas no Pacto de estado contra a violencia de xénero.

Prevese recibir financiamento para continuar co desenvolvemento da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO para desenvolver actividades de promoción de mobilidade e investigación vinculadas á análise feminista da sociedade dixital, ademais do desenvolvemento dun segundo obradoiro como espazo de reflexión conformado por expertas neste ámbito, a fin de tratat esta temática, entre outras actividades

II Orzamento de ingresos

De acordo coas previsións de ingresos e co escenario xa comentado no apartado anterior, e de acordo coa experiencia de anteriores exercicios na previsión dos ingresos da institución, estimamos para o exercicio 2020 un orzamento de ingresos por valor de 194.995.837 €.

Esta contía supón un valor superior ao do exercicio anterior, nun 6,83 %; xustificamos esta previsión nas estimacións realizadas de contribución do programa Horizonte 2020 da Unión Europea, que achega novos fondos para o financiamento de maiores proxectos de investigación e o grande éxito na convocatoria de infraestruturas de investigación e infraestruturas de eficiencia enerxética.

O gráfico 1 representa a evolución dos orzamentos na Universidade de Vigo desde 2010 ata a actualidade.



Gráfico 1. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2012-2020

A distribución do ingreso por capítulos e a comparación co exercicio precedente recóllese na táboa 7. Nesta estrutura de ingresos salientamos o considerable incremento das transferencias de capital (32,37 %) debido ao maior éxito na captación de fondos alleos. No mesmo sentido, a variación de activos financeiros (27,17 % vén derivada do desfasamento entre ingresos e gastos do financiamento afectado. Tamén hai que mencionar o descenso dos ingresos patrimoniais (-11,46 %), consecuencia dos baixos tipos de interese.

CAPÍTULO	2019	2020	% 2019/2020
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.584.500	17.969.500	2,19 %
IV Transferencias correntes	127.117.911	129.025.291	1,50 %
V Ingresos patrimoniais	288.000	255.000	-11,46 %
Ingresos correntes	144.990.411	147.249.791	1,56 %
VI Alleamento de investimentos reais	400.000	400.000	
VII Transferencias de capital	29.496.028	39.043.937	32,37 %
VIII Variación de activos financeiros	7.648.650	8.302.109	8,54 %
IX Variación de pasivos financeiros	0	0	0,00 %
Ingresos de capital	37.544.678	47.746.046	27,17 %
TOTAIS	182.535.089	194.995.837	6,83 %

Táboa 7. Comparación do orzamento de ingresos 2019/2020

No que toca á distribución por capítulos de ingreso, a repartición porcentual dos capítulos de ingreso verbo do total do orzamento preséntase no gráfico 2. Aquí podemos apreciar como no capítulo cuarto, de transferencias correntes, concéntrase a meirande parte dos ingresos. Dentro deste capítulo, como se comenta na análise do novo PFSUG, a repartición dos fondos para o período 2016-2020 realizarase a partir de indicadores obxectivos. En todo caso, o seu peso pasa a representar un 66,17 % do total dos ingresos, fronte ao 69,64 % do exercicio pasado, por mor da maior consecución de fondos finalistas do capítulo sétimo de ingresos, que fai reducir o peso do capítulo cuarto no total do orzamento.




Gráfico 2. Composición do ingreso por capítulos

A evolución do peso porcentual no conxunto dos ingresos de cada capítulo e a comparación co exercicio precedente ofrécese na táboa 8.

CAPÍTULO	2019	2020	EVOLUCIÓN
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	9,63 %	9,22 %	▼
IV Transferencias correntes	69,64 %	66,17 %	▼
V Ingresos patrimoniais	0,16 %	0,13 %	▼
VI Alleamento de investimentos reais	0,22 %	0,21 %	▼
VII Transferencias de capital	16,16 %	20,02 %	▲
VIII Variación de activos financeiros	4,19 %	4,26 %	▲

Táboa 8. Comparación da participación dos principais capítulos de ingreso nos orzamentos 2019 e 2020

O resultado final do orzamento de ingresos, como combinación dos ingresos correntes e de capital, acadará unha contía de 194.995.837 €, superior nun 6,83 % ao valor do exercicio anterior.

II.1. Previsión orzamentaria de ingresos

A estimación dos ingresos para o exercicio 2020, que como en anos anteriores atende a criterios de prudencia valorativa e de achegamento á realidade, detállase na táboa 9:

Estimación dos ingresos para o exercicio 2020		
Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos		
31	Prezos públicos	16.265.000 €
310	Dereitos de matrícula en cursos e en seminarios	140.000 €
311	Cotas de instalacións deportivas e outros espazos	285.000 €
313	Dereitos de matrícula e servizos académicos	15.400.000 €
319	Outros prezos públicos	440.000 €
32	Outros ingresos procedentes	1.300.000 €
327	Servizos prestados por actividades investigadoras	450.000 €
328	Dereitos de custos indirectos	850.000 €
33	Venda de bens	4.500 €
330	Venda de publicacións propias	4.500 €
39	Outros ingresos	400.000 €
399	Ingresos diversos	400.000 €
Total do capítulo III		17.969.500 €
Capítulo IV. Transferencias correntes		
40	Da Administración do Estado	3.100.000 €
400	Do MEC	3.100.000 €
41	De organismos autónomos administrativos	1.482.789 €
410	De organismos autónomos administrativos	1.482.789 €
45	Da comunidade autónoma	121.268.286 €
450	Da Xunta de Galicia	121.228.210 €
450.00	Financiamento estrutural	84.226.000 €
450.01	Financiamento por resultados	32.717.210 €
450.03	Prazas vinculadas e persoal de investigación	3.500.000 €
450.09	Outras subvencións	825.076 €
46	De corporacións locais	740.000 €
460	De concellos	420.000 €

461	De deputacións	320.000 €
47	De empresas privadas	1.097.900 €
470	De empresas privadas	1.097.900 €
48	De familias e institucións sen ánimo de lucro	25.000 €
481	De familias e institucións sen ánimo de lucro	25.000 €
49	Axudas do exterior	1.311.316 €
492	Outras transferencias da Unión Europea	1.135.071€
499	Outras transferencias correntes	176.245€
Total do capítulo IV		129.025.291 €
Capítulo V. Ingresos patrimoniais		
52	Xuros de depósitos	25.000 €
520	Xuros de contas bancarias	25.000 €
54	Rendas de bens inmobles	65.000 €
540	Alugueiros de locais	65.000 €
55	Produtos de concesións administrativas	165.000 €
550	Produtos de concesións administrativas	165.000 €
Total do capítulo V		255.000 €
Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais		
61	Doutros investimentos reais	400.000 €
619	Venda doutros investimentos reais	400.000 €
Total do capítulo VI		400.000 €
Capítulo VII. Transferencias de capital		
70	Da Administración do Estado	16.178.000 €
700	De ministerios	8.880.000 €
700.03	Infraestrutura de investigación de ministerios	7.298.000 €
75	Da comunidade autónoma	16.865.937 €
750	Da Xunta de Galicia	16.865.937 €
750.00	Financiamento estrutural	1.650.000 €
750.02	Proxectos de investigación	8.925.000 €
750.09	Outras subvencións	6.290.937 €
77	De empresas privadas	5.500.000 €

771	Contratos de investigación	5.500.000 €
78	Doutros	500.000 €
781	Outros organismos e outros	500.000 €
Total do capítulo VII		39.043.937 €
Total de operacións non financeiras		186.693.728 €
Capítulo VIII. Variación de activos financeiros		
83	Reintegros de préstamos concedidos fóra do sector público	120.000 €
831	Reintegros de préstamos concedidos fóra do sector público a longo prazo	120.000 €
87	Remanente de tesouraría	8.182.109 €
870	Remanentes de tesouraría	8.182.109 €
Total do capítulo VIII		8.302.109 €
Total de operacións financeiras		8.302.109 €
TOTAL		194.995.837 €

Táboa 9. Estimación do orzamento de ingresos por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos foron os seguintes:

Capítulo III. Prezos públicos. Inclúe a estimación dos ingresos por dereitos de matrícula no curso académico 2019/2020, por titulacións oficiais e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións e custos indirectos de actividades investigadoras. O seu importe total é de 17.969.500 €, o que implica un incremento das cifras sobre os ingresos consignados no orzamento de 2019 por un incremento dos custos indirectos asociados aos contratos amparados no artigo 83, que sobe do 10 % ao 15 %.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: neste concepto figuran 140.000 € como estimación dos ingresos para obter polos cursos e obradoiros de extensión universitaria.

Concepto 311: neste concepto figuran 285.000 € como estimación dos ingresos para obter polas cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas.

Concepto 313: neste concepto a previsión que se fai é de 15.400.000 €, o que supón un lixeiro incremento dos ingresos consignados no exercicio de 2019. Trátase dunha previsión baseada nos

datos de liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes e na recadación acadada ata o momento no exercicio 2019.

Concepto 327: este concepto inclúe unha previsión dos ingresos estimados pola prestación de servizos asociados ás actividades investigadoras, e unha previsión de facturación do CACTI, Ecimat, Cinbio e CITI. Neste orzamento preséntase unha cantidade un pouco superior á de 2019.

Concepto 328: o importe consignado neste concepto inclúe os custos indirectos da facturación por servizos asociados e actividades investigadoras e de transferencia. Para o exercicio 2020 increméntanse os custos indirectos pasando do 10 % ao 15 %, o que supón un incremento no total para recadar por este concepto.

Concepto 330: neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de publicacións propias e mantense a mesma previsión que para o 2018 e 2019.

Concepto 399: neste concepto inclúense ingresos diversos estimados con base na execución do exercicio 2019 e anteriores.

Capítulo IV. Transferencias correntes. Neste capítulo compútanse todos os ingresos por subvencións correntes que a institución recibe, sobre todo da Xunta de Galicia e, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Administración Xeral do Estado, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes das corporacións locais e das empresas privadas.

Constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo e o seu volume increméntase un +1,50 % (1.907.380 €). Isto débese basicamente a:

Maior achega para o financiamento do incremento salarial do persoal funcionario e laboral aprobado nos orzamentos do Estado para o exercicio 2020.

O incremento do financiamento por resultados procedente do novo PFUG 2016-2020 de acordo coa evolución do plan.

O descenso da anualidade correspondente a 2020 das axudas recibidas da Unión Europea para proxectos internacionais de cooperación.

O axuste á realidade do financiamento asociada ás prazas de persoal de programas de investigación.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 400: inclúe as diversas transferencias procedentes do ME para financiar os programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI e outros de investigadores/as posdoutorais, así como os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D, técnicos/as en infraestruturas, e as Bolsas Madariaga e Castillejo. Son, daquela, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente aplicación de gasto do capítulo I. Tamén se inclúen as aplicacións referidas ás axudas e programas de mobilidade de docentes, investigadores, persoal de administración e servizos e estudantes, caso das axudas relativas ao programa Erasmus, proporcionadas polo Estado.

No seu conxunto, estimamos para todas estas aplicacións un descenso do -12,562 % con respecto ao exercicio precedente, debido ao axuste da realidade na execución.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia. No seu conxunto estimamos un incremento dun 5,55 % (6.246.750 €). A distribución e a evolución é a mesma do exercicio precedente.

Subconcepto 450.00: fondo estrutural. Esta aplicación repártese a partir de indicadores obxectivos. Inclúe ademais esta aplicación unha cantidade para a estimación da subida salarial.

Subconcepto 450.01: financiamento por resultados. Cóntase cun ascenso, verbo de 2019, debido á mellora competitiva en relación coas outras universidades do SUG e ao maior importe repartido por indicadores respecto do exercicio precedente. Tamén se corrixe un erro que se cometera no orzamento 2019, incorporando a este subconcepto os ingresos previstos polos complementos autonómicos e os ingresos para os consellos sociais.

Subconcepto 450.03: prazas vinculadas e persoal de investigación. Neste exercicio prevese un descenso para adecuar a realidade na execución aos orzamentos de ingresos e de gastos.

Subconcepto 450.09: outros ingresos. Incorpóranse as previsións de transferencias da Xunta de Galicia de perfil diverso. Para 2020 desaparecen os ingresos acadados na convocatoria de centros singulares de investigación e da agrupación estratéxica de investigación porque finalizaron en 2019. A nova convocatoria vai orzada no capítulo 7 de ingresos.

Conceptos 460 e 461: compútanse nestas epígrafes os ingresos por convenios coa Deputación de Pontevedra para financiar axudas a estudantes en estancias no estranxeiro, un convenio co Concello de Vigo para o financiamento de gastos relacionados co estudantado e coa docencia, e un convenio coa Deputación de Ourense para financiar diversas actividades no campus de Ourense, por un total estimado de 220.000 €, contía similar á orzada para 2019.

Concepto 470: neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas. Recolle fundamentalmente as achegas do Banco de Santander ao igual ca exercicios precedentes.

Concepto 492: neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes da Unión Europea para diferentes proxectos de cooperación educativa.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais. Contén, entre outras, as previsións de ingresos por xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes de tesouraría, os canons de explotacións nas concesións de cafetarías etc. Neste ano a previsión de ingresos por este concepto é de 255.000 €, un -11,46 % menos ca o exercicio anterior debido ao descenso do tipos de interese.

Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais. Neste capítulo está estimado o ingreso pola venda do inmovible situado en Madrid que a universidade recibiu en herdanza de dona Alicia Crespi e que non se puido levar cabo no exercicio 2019.

Capítulo VII. Transferencias de capital. A maior parte das previsións de ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas do ME e da Xunta de Galicia, por ingresos incluídos dentro do Plan de financiamento da Xunta 2016-2020 e por contratos con institucións e empresas. No seu conxunto agárdase un incremento do 32,37 % (+9.547.909 €). Isto obedece, sobre todo, ao éxito acadado nas convocatorias de infraestruturas de investigación do Ministerio de Ciencia e Universidades e a captación de fondos destinados á eficiencia enerxética.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 700: neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos competitivos con orixe na Administración do Estado. Recóllense, por unha banda, as estimacións dos ingresos polos proxectos obtidos en concorrencia polos grupos de investigación da Universidade de Vigo, e, por outra, as achegas obtidas en concorrencia competitiva para financiar infraestruturas institucionais, así como os custos indirectos.

Concepto 750: neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos por todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, e inclúen tanto os diferentes fondos recollidos no PFUG 2016-2020 coma as previsións de recursos para obter nas diversas convocatorias

competitivas ás que concorren os grupos de investigación da universidade. Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 750.00: financiamento estrutural: é un dos apartados do PFUG 2016-2020.

Subconcepto 750.02: proxectos de investigación. Neste subconcepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración autonómica. O ingreso mantén un importe razoable grazas ao éxito que están a acadar os grupos de investigación da nosa institución e a contabilización nesta epígrafe dos custos indirectos asociados aos citados proxectos.

Subconcepto 750.09: outras subvencións. Neste subconcepto inclúese a colaboración da Xunta de Galicia para actividades de I+D+i, así como as axudas para eficiencia enerxética.

Concepto 771: Contratos de investigación. Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación (art. 83 da LOU) asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe (5.500.000 €) está axustado, unha vez internalizada a xestión deste tipo de contratos. Esta asignación implica o mesmo importe na aplicación de gastos correspondente.

Concepto 783: Outros organismos. Neste concepto inclúense ingresos previstos doutros organismos para financiar proxectos de investigación como, por exemplo, da AECC e do Instituto Carlos III para la Salud.

Capítulo VIII. Variación de activos financeiros. Neste capítulo inclúense os ingresos por reintegros de préstamos ao persoal e o «remanente de tesouraría» que inclúe as estimacións dunha parte do remanente do exercicio 2019, que se pode destinar a financiar determinados gastos do exercicio 2020. O montante global da dotación correspóndese cos remanentes de crédito non gastados na execución das actividades de proxectos de cooperación educativa europeos e as axudas de infraestruturas de investigación recibidas en 2019 para financiar gastos de 2020, así como o importe destinado aos gastos financeiros e a amortización de préstamos e anticipos reembolsables para infraestruturas de investigación.

Todos estes importes de ingresos teñen a súa correspondencia no estado de gastos do orzamento 2020 da Universidade de Vigo, que se desenvolve a continuación.

III. Orzamento de gastos

O conxunto dos capítulos de gasto por operacións correntes e de capital estimados para o exercicio 2020 preséntanse na táboa 10.

CAPÍTULO	2019	2020	% 2019/2020
I Persoal	109.126.119	112.996.556	3,55 %
II Gastos correntes	28.034.976	30.860.311	10,08 %
III Gastos financeiros	379.450	789.450	108,05 %
IV Transferencias correntes	7.345.470	7.076.396	-3,66 %
V Fondos de continxencias	200.000	150.000	-25,00 %
Operacións correntes	145.086.015	151.872.713	4,68 %
VI Investimentos reais	35.609.074	41.883.124	17,62 %
VIII Activos financeiros	140.000	140.000	0,00 %
IX Pasivos financeiros	1.700.000	1.100.000	-35,29 %
Operacións de capital	37.449.074	43.123.124	15,15 %
TOTAIS	182.535.089	194.995.837	6,83 %

Táboa 10. Orzamento de gastos

No capítulo I, de gastos de persoal, continuamos a ter a principal partida de gasto, cun 57,95 % do total do orzamento e un importe de 112.996.556 €. Esta cantidade é superior á orzada en 2019, que foi de 109.126.119 €. A xustificación deste cambio está en varias causas: o incremento salarial que pode acadar o 2,20 % reflectido nos orzamentos do Estado para o exercicio 2020, a redución de horas docentes e as ofertas de emprego público 2020.

O capítulo II, de gasto corrente, ten unha previsión de 30.860.311€, experimentando un incremento do 10,08 %. As causas están no incremento de gastos asociados sobre todo aos servizos de limpeza licitados durante o exercicio 2019, e a cursos e conferencias, froito da consecución de novos proxectos de cooperación educativa internacional.

O capítulo III, de gasto financeiro, experimenta un grande incremento debido aos maiores gastos derivados da contratación de novos avais para que a universidade poida presentarse a licitacións públicas e debido á devolución de axudas non executadas de exercicios precedentes que implican xuros de demora co organismo financiador.

O capítulo IV, de transferencias correntes, presenta unha rebaixa do -3,66 %, que acada un valor de 7.076.396€. A explicación está na diminución de axudas do ministerio para os proxectos de relacións internacionais (Erasmus, Marmoc, Leap..., axudas para dotacións bibliográficas e bolsas de

movilidade internacional). Polo que se refire aos recursos propios, o esforzo da universidade mantense nas cifras dos exercicios anteriores.

O capítulo VI, de investimentos reais, acada unha contía de 41.883.124€, cun incremento de 17,62 % verbo de 2019, que representa o 21,48 % sobre o total do orzamento de gasto, valor superior ao acadado no exercicio pasado. O incremento explícase polo grande éxito na consecución de fondos finalistas destinados a infraestruturas de investigación e de eficiencia enerxética.




Gráfico 3. Composición do gasto por capítulos

O gráfico 3 recolle a distribución do gasto por capítulos verbo do total do gasto. Pódese apreciar como o gasto de persoal continúa a ser o de maior participación no total, cun 57,95 %.

Pola súa parte, a táboa 11 presenta a evolución da participación dos capítulos de gasto sobre o total.

CAPÍTULO	2019	2020	EVOLUCIÓN
I Persoal	59,78 %	57,95 %	▼
II Gastos correntes	15,28 %	15,83 %	▲
III Gastos financeiros	0,21 %	0,40 %	▲
IV Transferencias correntes	4,02 %	3,63 %	▼
V Fondos de continxencias	0,11 %	0,08 %	▼
VI Investimentos reais	19,59 %	21,48 %	▲
VIII Activos financeiros	0,08 %	0,07 %	◀▶
IX Pasivos financeiros	0,93 %	0,56 %	▼

Táboa 11. Participación dos principais capítulos de gasto no orzamento

Se realizamos unha comparativa entre a evolución dos ingresos e a dos gastos nos orzamentos dos últimos anos, obtemos a táboa 12.

CAPÍTULO	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Ingresos correntes	128.088.848	126.915.500	127.955.000	133.463.024	135.253.069	137.554.333	144.990.411	147.249.791
Gastos correntes	127.080.349	124.279.518	127.107.245	130.006.085	133.011.533	137.628.702	145.086.015	151.872.713
Saldo corrente	1.008.499	2.635.982	847.755	3.456.939	2.241.536	-74.369	-95.604	-4.622.922
Ingresos de capital	35.127.504	32.739.619	37.248.557	27.123.500	30.072.419	34.997.755	37.544.678	47.746.046
Gastos de capital	36.136.003	35.375.601	38.096.312	30.580.439	32.313.955	34.923.386	37.449.074	43.123.124
Saldo de capital	-1.008.499	-2.635.982	-847.755	-3.456.939	-2.241.536	74.369	95.604	4.622.922

Táboa 12. Saldo corrente e saldo de capital dos orzamentos presentados

Evidentemente, o saldo corrente, que para a Universidade de Vigo ten signo positivo desde 2013, ten que corresponderse co saldo equivalente con signo negativo no saldo de capital. O cambio de signo negativo en 2018, 2019 e 2020 é a inclusión no capítulo 2 de gastos que anteriormente se incluían no capítulo 6, como pode ser a produción científica e o paso ao capítulo 7 de ingresos dos custos indirectos de proxectos de investigación e o convenio coa Xunta de Galicia para as actividades de I + D + i. Máis en detalle, se comparamos graficamente a evolución de ingreso e de gasto corrente, obtemos o gráfico 4.




Gráfico 4. Ingresos correntes vs. gastos correntes de orzamentos presentados (2013-2020)

En conclusión, a Universidade de Vigo presenta un orzamento superior ao 2019 debido ao incremento das axudas finalistas conseguidas no programa marco H2020 e ao éxito nas convocatorias competitivas de infraestruturas de investigación e eficiencia enerxética. O conxunto do gasto mantén criterios de previsión racionais, marcado pola xestión eficiente dos recursos ordinarios, garantindo a capacidade de funcionamento para o noso nivel de gasto, e potenciando o gasto no capítulo de persoal asociado ás novas políticas e garantindo a suba salarial.

III.1. Clasificacións do orzamento de gastos

Os créditos do orzamento de gasto organízanse atendendo a tres clasificacións: a económica, a funcional ou por programas e a clasificación orgánica.

No referido á estrutura funcional mantense a clasificación establecida nos anteriores orzamentos segundo se recolle na táboa 13.

Cada programa funcional desenvólvese, cando é preciso, mediante subprogramas, atendendo ao que precisa cada centro de gasto.

Código	Denominación
111L	Docencia
121D	Apoio ao alumnado e á docencia
131H	Fomento e desenvolvemento da investigación
141B	Dotación de fondos bibliográficos
211E	Extensión universitaria
311V	Dotación e mantemento de infraestruturas
421S	Goberno e administración da universidade

Táboa 13. Estrutura funcional e por programas do orzamento de gastos

A evolución cuantitativa dos programas entre o exercicio 2020 e 2019 apréciase na táboa 14.

Programas	2019	2020	Var. %
111L. Docencia	3.637.953 €	3.581.153 €	-1,56 %
121D. Apoio ao alumnado e á docencia	6.950.735 €	6.706.250 €	-3,52 %
131H. Fomento e desenvolvemento da investigación	30.644.749 €	32.070.039 €	4,65 %
141B. Dotación de fondos bibliográficos	2.881.450 €	2.712.500 €	-5,86 %
211E. Extensión Universitaria	1.398.500 €	1.406.965 €	0,61 %
311V. Dotación e mantemento de infraestruturas	19.659.282 €	26.020.331 €	32,36 %
421S. Goberno e administración da universidade	117.362.420 €	122.498.599 €	4,38 %
Total de gastos	182.535.089,00 €	194.995.837,00 €	6,83 %

Táboa 4. Orzamento de gastos por programas

Os cambios máis significativos son:

- a) 121D. Apoio ao alumnado e á docencia, que presenta un descenso das axudas europeas para a mobilidade internacional.
- b) 141B. Dotación de fondos bibliográficos, que presenta unha redución de fondos dixitais debido á aposta pola compra centralizada a través de Bugalicia.
- c) 311V. Dotación e mantemento de infraestruturas, que presenta un grande aumento, por mor da maior consecución de axudas finalistas orientadas á infraestruturas de investigación e eficiencia enerxética.

O resto de funcionais presentan unha reestruturación orzamentaria, posto que a política deste equipo de goberno está orientado aos recursos humanos, polo que neste 2020 lévase a cabo unha proposta de orzamento que prima o capítulo 1 de gastos e que está orzado na funcional 421S.

A estrutura orgánica empregada no orzamento recóllese na táboa 15, que como novidade presenta a clasificación orgánica para a Oficina de Proxectos Internacionais e a Valedoría Universitaria.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
0000	Servizos Centrais
00CA	Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión
00CS	Consello Social
00EP	Vicerreitoría de Planificación
00PG	Escola Oficial de Doutoramento
00RS	Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación
00VU	Valedoría Universitaria
00VI	Vicerreitoría de Investigación
00VT	Vicerreitoría de Transferencia
AEO1	Centro Singular de Investigación Oceanográfica
ATI1	Atlántic-Agrupación Estratéxica de Investigación
BUV1	Biblioteca
CAT1	CACTI
CIB1	Cinbio-Centro de Investigacións Biomédicas
CITI	CITI-Centro de Investigación
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
INB1	Centro Singular de Investigación Biomedicina
MTI1	MTI-Módulo Tecnolóxico Industrial
OPI1	Oficina de Proxectos Internacionais
ORI1	Oficina de Relacións Internacionais
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus da Auga
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra-Campus Crea S2i
VTEC	Comisionado para o Vigo Tecnolóxico
XXXX	Departamentos
00XX	Centros

Táboa 15. Estrutura da clasificación orgánica do orzamento de gastos

A clasificación económica dos créditos de gasto estrutúraos, atendendo á súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, se fose o caso.

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN
1	Gastos de persoal
2	Gastos correntes en bens e servizos
3	Gastos financeiros
4	Transferencias correntes
5	Fondo de continxencia
6	Investimentos reais
8	Activos financeiros
9	Pasivos financeiros

Táboa 16. Estrutura económica do orzamento de gastos

Atendendo á clasificación funcional e por programas, pasamos a describir os obxectivos e os principais contidos dos distintos programas, así como o importe dos créditos correspondentes segundo a clasificación económica e a clasificación orgánica.

III.2. 111L - Docencia

A dotación do programa de Docencia acada un valor de 3.581.153 €, o que implica un decrecemento dun -1,56 %. O motivo desta minoración está na redución da dotación dos créditos para mestrados.

Este importe no seu conxunto inclúe as seguintes accións:

- a) Os importes destinados ao sostemento dos centros, por valor de 2.568.609 €. Este ano mantense na orgánica 421S unha dotación adicional de 75.000 € para permitir o sostemento das unidades descentralizadas de xestión dos centros.
- b) Os importes correspondentes aos programas oficiais de posgrao, cunha contía total de 915.300 €. Este descenso vén asociado á minoración dos cursos de posgrao que se van impartir no curso 2019/2020.
- c) A dotación das delegacións de estudantes, dun importe de 36.944 € e que, por mor dos requisitos da contabilidade analítica, se individualizan a nivel de clasificación orgánica no orzamento.

A repartición detallada dos importes asociados aos centros, aos programas oficiais de posgrao e ás delegacións de alumnado amósanse no anexo II.

Orgánica: XXXX-Funcional: 111L						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
20			Arrendamentos e canon			87.660,00
	202		De edificios e outras construcións		5.410,00	
	205		Arrendamentos de mobiliario e de aparellos		13.750,00	
	209		De licenzas e canons		68.500,00	
21			Reparación e conservación			876.519,00
	212		De edificios e outras construcións		386.034,00	
	213		De maquinaria, instalacións e ferramenta		428.247,00	
	215		De mobiliario e equipamento		62.238,00	
22			Material, subministracións e outros			1.734.414,00
	220		Material de oficina		227.181,00	
	221		Subministracións		550.597,00	
		221.01	De servizos administrativos	111.819,00		
		221.02	De docencia	438.778,00		
	222		Comunicacións		35.929,00	
	223		Transportes		96.479,00	
	226		Gastos diversos		717.010,00	
		226.01	Atencións protocolarias	91.872,00		
		226.02	Publicidade e propaganda	54.002,00		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	434.008,00		
		226.09	Cotas de organismos	7.288,00		

		226.99	Outros gastos	129.840,00		
	227		Traballos realizados por outras empresas		107.218,00	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	3.300,00		
		227.99	Outros	103.918,00		
23			Indemnización por razón de servizos			524.220,00
	230		Axudas de custo e locomoción		88.633,00	
	233		Outras indemnizacións		435.587,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			3.222.813,00
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen fins de lucro			11.200,00
	482		Bolsas para estudantes		11.200,00	
		482.10	Bolsas para mobilidade	8.200,00		
		482.99	Outras	3.000,00		
			TOTAL DO CAPÍTULO 4			11.200,00
			Capítulo VI. Investimentos reais			
62			Investimento asoc. ao funcionamento de servizos			347.140,00
	625		Mobiliario e equipamento		347.140,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 6			347.140,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			3.581.153,00

III.3. 121D-Apoio ao alumando e á docencia

Este programa actualiza e reforza as liñas de traballo adoptadas pola universidade nos anteriores exercicios, malia a caída das achegas dos *financiadores* externos. Nesta anualidade acada –en conxunto– a cifra de 6.706.250 €, cun descenso do -3,52 % verbo do exercicio precedente.

Neste ano, ao igual que xa ocorrera en 2019, desagregase en tres clasificacións orgánicas:

- a) Reitoría/Xerencia, cun descenso do 3,80 %, mantén unha liña estable que amosa o compromiso co estudantado. Cómpre salientar que, a pesar da diminución do financiamento alleo, o esforzo da universidade neste eido mantén os importes dos programas.

Orgánica: 0000-Funcional: 121D						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			100.000,00
	227		Traballos realizados por outras empresas		100.000,00	
		227.99	Outros	100.000,00		
23			Indemnización por razón de servizos			6.000,00
	230		Axudas de custo e locomoción		6.000,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			106.000,00
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
47			A empresas privadas			260.000,00

	470		Convenios con entidades privadas		260.000,00	
48			Familias e institucións sen fins de lucro			1.703.260,00
	482		Bolsas para estudantes		1.703.260,00	
		482.01	Bolsas para comedor	280.000,00		
		482.02	Bolsas para mestrados	50.000,00		
		482.03	Bolsas para circunstancias económicas especiais	90.000,00		
		482.06	Bolsas para integrar persoas con discapacidade	22.760,00		
		482.10	Bolsas para mobilidade	55.000,00		
		482.11	Bolsas para colaboradores/as	956.100,00		
		482.12	Bolsas para excelencia académica	72.000,00		
		482.15	Bolsas de residencias	138.400,00		
		482.99	Outras	39.000,00		
			TOTAL DO CAPÍTULO 4			1.963.260,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			2.069.260,00

b) Oficina de Relacións Internacionais, que reflicte parte do éxito e da aposta da universidade pola internacionalización. A oficina, a maiores do seu propio subprograma, desenvolve a súa actividade a través de varios subprogramas. Algúns que xa se viñan desenvolvendo de anos anteriores como Erasmus, ISEP, e outros que se inician neste exercicio. Incrementase o seu orzamento grazas ao éxito nas convocatorias e a subvención recibida por parte da Deputación de Pontevedra.

Orgánica: ORI1-Funcional: 121D						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo I. Gastos de persoal			
14			Outro persoal			98.095,00
	143		Outro persoal		98.095,00	
		143.01	Persoal técnico financiado con subvención pública	98.095,00		
16			Cotas de prestación e gastos sociais a cargo do empregador			165.280,00
	162		Gastos sociais do persoal		165.280,00	
		162.00	Cursos de formación do PAS	165.280,00		
			TOTAL DO CAPÍTULO 1			263.375,00
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			183.900,00
	220		Material de oficina		4.750,00	
	223		Transportes		10.000,00	
	226		Gastos diversos		169.150,00	
		226.01	Atencións protocolarias	5.000,00		
		226.02	Publicidade e propaganda	5.250,00		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	36.580,00		
		226.09	Cotas de organismos	10.000,00		

		226.99	Outros gastos	112.320,00		
23			Indemnización por razón de servizos			40.000,00
	230		Axudas de custo e locomoción		40.000,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			223.900,00
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen fins de lucro			1.691.686,00
	482		Bolsas para estudantes		1.691.686,00	
		482.10	Bolsas para mobilidade	1.605.286,00		
		482.99	Outras	86.400,00		
			TOTAL DO CAPÍTULO 4			1.691.686,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			2.178.961,00

- c) Oficina de Proxectos Internacionais–funcional 121D: apoio ao alumnado e á docencia
- A dotación orzamentaria correspóndese cos créditos dos subprogramas Marmoooc, Auditum, ILSA, GreenCap..., que se individualizarán no exercicio 2020 por medio de orgánicas e subprogramas para poder levar a cabo unha contabilidade diferenciada de cada unha das actuacións. Para o ano 2020 o orzamento diminúe un -10,85 % por mor da execución dos proxectos.

Orgánica: OPI1-Funcional: 121D						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo I. Gastos de persoal			
14			Outro persoal			193.792,00
	143		Outro persoal		193.792,00	
		143.01	Persoal técnico financiado con subvención pública	193.792,00		
			TOTAL DO CAPÍTULO 1			193.792,00
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			1.444.754,00
	220		Material de oficina		500,00	
	226		Gastos diversos		1.366.654,00	
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	700.602,00		
		226.99	Outros gastos	666.052,00		
	227		Traballos realizados por outras empresas		77.600,00	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	77.600,00		
23			Indemnización por razón de servizos			291.513,00
	230		Axudas de custo e locomoción		291.513,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			1.736.267,00
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Investimento asoc. ao funcionamento de servizos			527.970,00
	625		Mobiliario e equipamento		527.970,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 6			527.970,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			2.458.029,00

III.4. 131H-Fomento e desenvolvemento da investigación

Como xa indicamos anteriormente, este programa en conxunto experimenta un incremento do 4,65 % verbo do exercicio precedente, fundamentalmente pola consecución de fondos finalistas para a infraestrutura científica e actividades de I + D + i, o que presenta un orzamento total para o ano 2020 de 32.070.039 €.

Na súa desagregación mantéñense todas as novidades incorporadas nos exercicios precedentes, en relación coa visibilización dos cambios introducidos na xestión da universidade para achegala ás novas demandas dos membros da comunidade universitaria. Para o exercicio 2020, a universidade mantén o subprograma funcional 131HTAL cun incremento debido á consecución de fondos alleos da Xunta de Galicia.

No exercicio 2020 mantense o compromiso pola especialización, cos comisionados Campus da Auga, Campus Crea e Vigo Tecnolóxico, dotándoos dun orzamento para potenciar as súas actividades no eido investigador.

Tamén, tal e como se vén facendo coa Cátedra Unesco en desenvolvemento litoral sustentable e coa a Cátedra Jose Saramago, dótanse dun subprograma específico ao que dea soporte as súas actividades.

Esta clasificación orgánica tamén inclúe unha dotación para atender aos custos das subministracións e mantementos preventivos dos diferentes centros de apoio á investigación da universidade, entre outros, por valor de 720.000 €.

A desagregación da clasificación orgánica final do programa é a que segue:

- Reitoría/Xerencia
- 00PG. Escola Internacional de Doutoramento
- 00VI. Vicerreitoría de Investigación
- 00VT. Vicerreitoría de Transferencia
- CAT1. Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)
- CIB1. Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)
- CITI. Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense
- OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense–Campus da Auga
- EMT1. Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)–Comisionado para o Campus do Mar
- MTI1. Módulo Tecnolóxico Industrial–Comisionado para o Vigo Tecnolóxico
- ATI1. Agrupación Estratéxica AtlanTIC

- INB1. Centro Singular para a Investigación en Biomedicina (Inbiomed)
- AEO1. Centro Singular de Oceanografía–Ecimat–AEO–Ecimat
- VTEC. Comisionado para o Vigo Tecnolóxico
- OPI1. Oficina de Proxectos Internacionais
- 0005. Facultade de Filoloxía e Tradución–Cátedra Saramago
- PON1. Vicerreitoría do Campus de Pontevedra–Campus Crea 2i.
- XXXX. Departamentos

a) Reitoría/Xerencia

A clasificación orgánica da Reitoría/Xerencia coa funcional xenérica 131H de investigación estrutúrase do seguinte xeito:

Orgánica: 0000-Funcional: 131H						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
21			Reparación e conservación			48.250,00
	213		De maquinaria, instalacións e ferramenta		48.250,00	
22			Material, subministracións e outros			1.074.500,00
	221		Subministracións		773.000,00	
		221.01	De servizos administrativos	773.000,00		
	226		Gastos diversos		51.500,00	
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	50.000,00		
		226.99	Outros gastos	1.500,00		
	227		Traballos realizados por outras empresas		250.000,00	
		227.00	Limpeza e aseo	170.000,00		
		227.99	Outros	80.000,00		
23			Indemnización por razón de servizos			70.000,00
	230		Axudas de custo e locomoción		70.000,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			1.192.750,00
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
44			A sociad. mercant. est. entid. sen fin de lucro etc.			170.000,00
	444		Convenios con entidades públicas		170.000,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 4			170.000,00
			Capítulo VI. Investimentos reais			
64			Gastos de investimento de carácter inmaterial			15.000,00
	641		Axuda xeral á investigación		15.000,00	
		641.02	Axudas propias á investigación e á transferencia	15.000,00		
			TOTAL DO CAPÍTULO 6			15.000,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			1.377.750,00

Á súa vez, a orgánica Reitoría/Xerencia tamén conta cos seguintes subprogramas:

- Cátedra Unesco en desenvolvemento litoral sustentable, coa seguinte dotación para dar soporte:

Orgánica: 0000-Funcional: 131HUNL						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			400,00
	226		Gastos diversos		400,00	
		226.99	Outros gastos	400,00		
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			400,00
			Capítulo VI. Investimentos reais			
			TOTAL DE CRÉDITOS			506.000,00

00RS Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Esta vicerreitoría contén os créditos asignados para atender aos gastos para impulsar as liñas estratéxicas relacionadas coa igualdade.

Orgánica: 00RS-Funcional: 421S						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			23.500,00
	226		Gastos diversos		23.500,00	
		226.01	Atencións protocolarias	2.000,00		
		226.02	Publicidade e propaganda	1.500,00		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	20.000,00		
23			Indemnización por razón de servizos			12.500,00
	230		Axudas de custo e de locomoción		12.500,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			36.000,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			36.000,00

00VI Vicerreitoría de Investigación

Para o exercicio 2020 asígnaselle a esta vicerreitoría unha dotación para as súas actividades institucionais.

Orgánica: 00VI-Funcional: 421S						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			3.500,00
	226		Gastos diversos		3.500,00	
		226.01	Atencións protocolarias	2.000,00		
		226.02	Publicidade e propaganda	1.500,00		
23			Indemnización por razón de servizos			2.500,00
	230		Axudas de custo e de locomoción		2.500,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			6.000,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			6.000,00

00VT Vicerreitoría de Transferencia

Para o exercicio 2020 asígnaselle a esta vicerreitoría unha dotación para as súas actividades institucionais.

Orgánica: 00VT-Funcional: 421S						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			3.500,00
	226		Gastos diversos		3.500,00	
		226.01	Atencións protocolarias	2.000,00		
		226.02	Publicidade e propaganda	1.500,00		
23			Indemnización por razón de servizos			2.500,00
	230		Axudas de custo e de locomoción		2.500,00	
			TOTAL DO CAPÍTULO 2			6.000,00
			TOTAL DE CRÉDITOS			6.000,00

III.9. Resumo consolidado do orzamento de gastos

Por último, preséntase o resumo xeral consolidado do orzamento de gastos da Universidade de Vigo para o exercicio 2020, segundo a clasificación económica do gasto.

ORZAMENTO 2020						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo I. Gastos de persoal			
10			Altos cargos e delegados/as			204.818
	100		Altos cargos		204.818	
11			Persoal eventual			245.000
	110		Retribucións básicas		245.000	
12			Funcionarios/as			58.381.000
	120		Retribucións básicas		23.681.000	
	121		Retribucións complementarias		34.700.000	
13			Laborais			12.895.770
	130		Laborais fixos		8.695.770	
	131		Laborais eventuais		4.200.000	
14			Outro persoal			23.449.546
	140		Persoal docente e contratado		23.050.659	
		140.00	Contratados/as docentes	17.446.006		
		140.01	Profesorado visitante	70.190		
		140.05	Lectores/as	99.797		
		140.06	Persoal investigador subvencionado a convocatorias do MEC	1.800.000		
		140.08	Persoal Investigador subvencionado a convocatorias da Xunta de Galicia	2.600.000		
		140.09	Persoal da convocatoria de retención de talento	1.034.666		
	143		Outro persoal		398.887	
		143.01	Persoal técnico financiado con subvención pública	398.887		
15			Incentivos ao rendemento			856.800
	150		Produtividade do PAS		850.000	
	151		Gratificacións do funcionariado PAS		6.800	
16			Cotas de prestación e gastos sociais a cargo do empregador			16.963.622
	160		Cotas da Seguridade Social		15.688.342	
	162		Gastos sociais do persoal		1.275.280	
		162.00	Cursos de formación do PAS	360.280		
		162.04	Plan de pensións	235.000		
		162.99	Outros gastos sociais	680.000		
			TOTAL DO CAPÍTULO 1			112.996.556
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
20			Arrendamentos e canon			1.089.960
	202		De edificios e doutras construcións		92.710	
	205		Arrendamentos de mobiliario e aparellos		27.750	

	209	De licenzas e canons		969.500	
21		Reparación e conservación			3.907.279
	212	De edificios e doutras construcións		1.343.034	
	213	De maquinaria, instalacións e ferramenta		2.142.217	
	214	De material de transporte		56.000	
	215	De mobiliario e equipamento		366.028	
22		Material, subministracións e outros			24.163.361
	220	Material de oficina		396.427	
	221	Subministracións		5.318.647	
	221.01	De servizos administrativos	4.388.819		
	221.02	De docencia	454.828		
	221.23	Medios bibliográficos dixitais	475.000		
	222	Comunicacións		529.171	
	223	Transportes		136.579	
	224	Primas de seguros		320.500	
	225	Tributos		889.110	
	226	Gastos diversos		5.862.194	
	226.01	Atencións protocolarias	197.399		
	226.02	Publicidade e propaganda	275.602		
	226.03	Xurídico-contencioso	60.000		
	226.06	Cursos, conferencias e seminarios	1.887.046		
	226.09	Cotas de organismos	137.988		
	226.99	Outros gastos	3.304.159		
	227	Traballos realizados por outras empresas		10.710.733	
	227.00	Limpeza e aseo	5.357.350		
	227.01	Seguridade	831.475		
	227.06	Estudos e traballos técnicos	983.700		
	227.99	Outros	3.538.208		
23		Indemnización por razón de servizos			1.674.711
	230	Axudas de custo e de locomoción		1.078.609	
	233	Outras indemnizacións		596.102	
	233*	Outras indemnizacións	592.102		
	233.04	Xunta de persoal funcionario PDI	1.000		
	233.05	Xunta de persoal funcionario PAS	1.000		
	233.06	Comité PAS laboral	1.000		
	233.07	Comité PDI laboral	1.000		
27		Publicacións			25.000
	270	Edicións e publicacións		25.000	
		TOTAL DO CAPÍTULO 2			30.860.311
		Capítulo III. Gastos financeiros			
30		De préstamos en moeda nacional			50.000
	300	Intereses		50.000	
31		De préstamos en moeda nacional			
	310	Intereses de préstamos en moeda nacional			

35		Xuros de demora e outros gastos financeiros			739.450
	352	Xuros de demora		669.450	
	359	Outros gastos financeiros		70.000	
		TOTAL DO CAPÍTULO 3			789.450
		Capítulo IV. Transferencias correntes			
44		A socied. mercant. est. entid. sen fin de lucro etc.			2.348.000
	444	Convenios con entidades públicas		2.348.000	
47		A empresas privadas			290.000
	470	Convenios con entidades privadas		290.000	
48		Familias e institucións sen fins de lucro			4.438.396
	481	Bolsas de formación para investigadores/as e profesorado		630.000	
	481.01	Bolsas de viaxe	20.000		
	481.02	Bolsas para estadias	60.000		
	481.03	Bolsas para estadias FPI	550.000		
	482	Bolsas para estudantes		3.578.796	
	482.01	Bolsas para comedor	280.000		
	482.02	Bolsas para mestrados	50.000		
	482.03	Bolsas para circunstancias económicas especiais	90.000		
	482.06	Bolsas para integración de persoas con discapacidade	22.760		
	482.10	Bolsas para mobilidade	1.723.486		
	482.11	Bolsas para colaboradores/as	1.053.750		
	482.12	Bolsas para excelencia académica	82.000		
	482.15	Bolsas de residencias	138.400		
	482.99	Outras	138.400		
	484	Outras subvencións e transferencias		229.600	
	484.03	Subvención a fundacións	137.800		
	484.99	Outras	91.800		
		TOTAL DO CAPÍTULO 4			7.076.396
		Capítulo V. Fondo de continxencia			
50		Fondo de continxencia			150.000
	500	Fondo de continxencia		150.000	
		TOTAL DO CAPÍTULO 5			150.000
		Capítulo VI. Inversións reais			
62		Investimento asoc. ao funcionamento de servizos			16.142.792
	622	Edificios e outras construcións		3.662.986	
	623	Maquinaria, instalacións e ferramentas		15.000	
	625	Mobiliario e equipamento		11.302.306	
	626	Equipamento de laboratorios		800.000	
	628	OIM Biblioteca		362.500	
64		Gastos de investimento de carácter inmaterial			25.740.332
	641	Axuda xeral á investigación		1.596.600	
	641.02	Axudas propias á investigación e á transferencia	1.556.600		
	641.05	Reunións científicas	40.000		
	644	Proxectos de investigación do MEC		3.100.000	

	645	Proxectos de investigación da Xunta de Galicia	9.090.970	
	646	Proxectos de investigación cofinanciados	5.850.000	
	647	Proxectos de investigación doutros organismos	573.000	
	648	Contratos de investigación	5.500.000	
	649	Contratos programa doutros grupos de investigación	29.762	
		TOTAL DO CAPÍTULO 6		41.883.124
		Capítulo VIII. Activos financeiros		
83		Concesión de préstamos fóra do sector público		120.000
	831	Préstamos a longo prazo	120.000	
86		Adquisición de accións e participacións fóra do sector público		20.000
	860	De empresas nacionais ou da Unión Europea	20.000	
		TOTAL DO CAPÍTULO 8		140.000
		Capítulo IX. Pasivos financeiros		
95		Devolución de préstamos recibidos		1.100.000
	952	Devolución de préstamos	1.100.000	
		TOTAL DO CAPÍTULO 9		1.100.000
		TOTAL DE CRÉDITOS		194.995.837

Para facilitar a comprensión das partidas 226.99 «Outros gastos» e a 227.99 «Outros traballos realizados por empresas», resumimos os gastos previstos que inclúen estes subconceptos:

a) Subconcepto 226.99:

Dentro deste subconcepto están incluídos os seguintes créditos:

- Reparto da produción científica.
- Convenio CRUE-CEDRO-VEGAP: convenio coa CRUE para pagar os gastos por dereitos de autoría para o exercicio 2020.
- Gastos asociados ao edificio Miralles e ao Teatro.
- Actividades culturais de extensión universitaria: gastos en folletos, exposicións..., dos que non se dispón de detalle ata que se lancen as accións concretas.
- Actividades deportivas: compras de equipamentos, trofeos..., que se detallarán ao longo da execución.
- Programas europeos de mobilidade Erasmus, Green Tech, Marmoc..., que se detallarán a medida que as comisións decidan as actuacións concretas que se desenvolverán durante 2020.
- Gastos de impresións realizadas nos servizos administrativos da universidade.
- Outros gastos varios de departamentos e de facultades.
- Gastos xenéricos da orgánica de Reitoría-Xerencia.

b) Subconcepto 227.99:

Dentro deste subconcepto están incluídos os seguintes créditos:

- Servizo de impresión de títulos oficiais
- Xestión das prácticas extracurriculares a través da Fundación Universidade de Vigo
- Servizos de dirección artística do coro e formación teatral
- Servizos de apoio psicopedagóxico dos diferentes campus
- Servizo de dinamización das salas de *cardio-fitness* dos diferentes campus, así como as escolas deportivas
- Servizo de recollida de residuos perigosos
- Servizo de prensa
- Servizo de conservación e mantemento dos ecosistemas axardinados
- Mantementos informáticos
- Outros gastos de departamentos e de facultades
- Encargo de xestión do Centro de Linguas á Fundación Universidade de Vigo

IV. Normas de desenvolvemento do orzamento do exercicio 2020

As normas de desenvolvemento que acompañan o orzamento teñen como obxectivo acadar a correcta xestión do orzamento, do patrimonio e da actividade económico-financieira da Universidade de Vigo.

A súa elaboración realízase ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 decembro, de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo, e das normas que rexen a actividade económico-financieira do sector público galego e estatal.

TÍTULO I. DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS

Capítulo I. Créditos iniciais e financiamento

Artigo 1. Aprobación dos estados de ingresos e gastos da Universidade de Vigo

O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2020, integrado polos estados de gastos e de ingresos, apróbase en equilibrio e cumprindo coa sustentabilidade financeira dentro do teito de gasto establecido polo Consello Social. O importe do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2020 acada a cifra de 194.995.837€.

No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario e que por normativa orzamentaria suman o mesmo importe ca as dotacións de crédito para gastar, que indican o importe máximo das obrigas que se poden recoñecer durante o exercicio.

Artigo 2. Clasificación das previsións de ingresos

No exercicio 2020, nas aplicacións das previsións de ingresos, identifícase, por clasificación orgánica separada, todos os ingresos que se refiran a actuacións nas cales exista financiamento específico, e fundamentalmente cando existe financiamento europeo, para atender ao requirimento legal de «realizar unha contabilidade diferenciada de cada unha das actuacións».

Artigo 3. Clasificación dos créditos do estado de gastos

1. O estado de gastos confeccionarase aplicando unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo que se vai acadar, unha clasificación orgánica que informa sobre o centro ou a unidade da universidade que realiza o gasto e unha clasificación económica que informa da súa natureza.

2. Os créditos clasifícanse nos seguintes programas:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
111L	Docencia
121D	Apoio ao alumnado e á docencia
131H	Fomento e desenvolvemento da investigación
141B	Dotación de fondos bibliográficos
211E	Extensión universitaria
311V	Dotación e mantemento de infraestruturas
421S	Goberno e administración da universidade

3. Os créditos clasifícanse organicamente nos seguintes centros de gasto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
0000	Servizos Centrais
00CA	Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión
00CS	Consello Social
00EP	Vicerreitoría de Planificación
00PG	Escola Oficial de Doutoramento
00RS	Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación
00VU	Valedoría Universitaria
00VI	Vicerreitoría de Investigación
00VT	Vicerreitoría de Transferencia
AEO1	Centro Singular de Investigación Oceanográfica
ATI1	Atlantic-Agrupación Estratéxica de Investigación
BUV1	Biblioteca
CAT1	CACTI
CIB1	Cinbio-Centro de Investigacións Biomédicas
CITI	CITI-Centro de Investigación
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
INB1	Centro Singular de Investigación Biomedicina
MTI1	MTI-Módulo Tecnolóxico Industrial
OPI1	Oficina de Proxectos Internacionais

ORI1	Oficina de Relacións Internacionais
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus da Auga
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra-Campus Crea S2i
VTEC	Comisionado para o Vigo Tecnolóxico
XXXX	Departamentos
00XX	Centros

4. Os créditos de gasto clasifícanse, atendendo á súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN
1	Gastos de persoal
2	Gastos correntes en bens e servizos
3	Gastos financeiros
4	Transferencias correntes
5	Fondo de continxencia
6	Investimentos reais
8	Activos financeiros
9	Pasivos financeiros

Capítulo II. Modificación e execución de créditos orzamentarios

Artigo 4. Especialidade dos créditos

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que se autorizaron ao aprobar o orzamento ou as correspondentes modificacións orzamentarias, respectando os principios de especialidade temporal, cualitativa e cuantitativa.

Artigo 5. Vinculación dos créditos

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitado a nivel de artigo agás:

a) No capítulo 1, os créditos destinados a incentivos ao rendemento (150 e 151) que terán carácter vinculante a nivel de concepto.

b) No capítulo 2, serán vinculantes os seguintes subconceptos:

226.01. Atencións protocolarias.

226.02. Publicidade e propaganda.

233.04. Outras indemnizacións por razóns de servizo para a xunta de persoal docente e investigador.

233.05. Outras indemnizacións por razóns de servizo para a xunta de persoal de administración e servizos.

233.06. Outras indemnizacións por razóns de servizo para os comités de empresa de persoal de administración e servizos.

233.07. Outras indemnizacións por razóns de servizo para os comités de empresa de persoal docente e investigador.

c) No capítulo 6, os clasificados no artigo 64 que terán a vinculación co nivel de desagregación que se indique no documento orzamentario.

2. Pola súa parte, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3. No referido á xestión dos gastos plurianuais teranse en conta as seguintes regras:

- A vinculación dos créditos na clasificación orgánica e a nivel de sección.

- A vinculación dos créditos na clasificación funcional e a nivel de programa.

4. Non se poden adquirir compromisos de gasto por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

Artigo 6. Distribución dos créditos

O orzamento poderá executarse mediante subprogramas. É posible crear novos subprogramas unha vez aprobado o orzamento, que poderán ser dotados mediante unha desagregación de crédito ou transferencia de crédito dentro do mesmo programa de gasto.

Artigo 7. Fondo de continxencia

1. Co fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables para as que non se fixera en todo ou en parte unha axeitada dotación de crédito, inclúese no orzamento da universidade a aplicación orzamentaria 0000 421S 500 «Fondo de continxencia». Este fondo poderá ser destinado a financiar créditos ampliáveis ou transferencias de crédito.

2. Este fondo, ademais da consignación inicial contida no orzamento, poderá ser dotado mediante reducións noutros créditos, con independencia do programa ao que se refiran, ou con remanente non afectado de tesouraría, pero neste último caso precisará unha autorización previa do Consello de Goberno, e sempre que non signifique un incremento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2020.

3. A dotación ou a utilización do fondo, con independencia do indicado nos seguintes artigos, será autorizado pola Xerencia tras a instrución do oportuno expediente. Para a dotación e a utilización do fondo deberán xustificarse respectivamente as fontes de financiamento deste e as necesidades orzamentarias que se prevé atender. A Xerencia daralles conta periodicamente ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

Artigo 8. Principios xerais das modificacións orzamentarias

1. Son modificacións orzamentarias as variacións que poden autorizarse nos créditos que compoñen o estado de gastos para axetalos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento e ás das correspondentes previsións de ingresos se procedese.

2. Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente polo xerente/a cando o órgano competente sexa o Consello de Goberno ou o Consello Social, polo administrador/a, director/a ou xefe/a do servizo, director/a de biblioteca ou director/a de administración cando o órgano competente sexa a Xerencia. O expediente conterá unha memoria xustificativa cos motivos que fundamentan a proposta, indicando tanto os referentes á realización do novo gasto proposto coma, no seu caso, á suspensión da actuación inicialmente prevista e á repercusión sobre os obxectivos do programa afectado, e na que como mínimo se expresarán os

programas e os conceptos afectados, así como o seu financiamento no caso de que a modificación implique un aumento neto do gasto.

3. Non poden incrementarse os créditos iniciais dos subconceptos 226.01 e 226.02, 233.04, 233.05, 233.06 e 233.07.

4. As modificacións orzamentarias non poden implicar un aumento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2020 coa excepción das subvencións finalistas da Xunta de Galicia, da Administración do Estado, da Unión Europea ou doutras administracións públicas para actividades non previstas no orzamento inicial.

5. Se fose necesario aprobar unha modificación do orzamento que incremente o teito de gasto e non estivese comprendida no apartado anterior, debe levarse ao Consello Social a aprobación do teito de gasto e a modificación simultaneamente.

Artigo 9. Xeracións de crédito

1. Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou nos obxectivos da universidade, poderán xerar crédito no estado de gastos, sempre que non figuren incluídos nas previsións iniciais do orzamento. Para a xeración de crédito será necesario:

1.1. Que se xustifique documentalmente a realidade do ingreso, a inexistencia de crédito na aplicación orzamentaria de gasto, ou que o existente é insuficiente para conseguir os obxectivos establecidos.

1.2. Que exista un convenio de financiamento por parte dunha administración pública que esixa a realización do gasto con anterioridade ou o libramento dos fondos, e que estes non estean incluídos nas previsións orzamentarias.

2. Tamén poderán xerar crédito:

2.1. O alleamento de bens patrimoniais da universidade

2.2. A prestación de servizos

2.3. O reembolso de empréstitos

2.4. O mecenado

3. A Xerencia é o órgano competente para aprobar estas modificacións, e no caso de convenios ou de resolucións de entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito dando credencial do compromiso do ingreso mediante unha copia do convenio asinado ou da resolución. A Xerencia daralles conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

4. O enunciado nos apartados anteriores está supeditado a que non se incremente o teito de gasto establecido para o exercicio 2020.

Artigo 10. Créditos ampliáveis

1. Terán excepcionalmente a consideración de ampliáveis os créditos seguintes:

- a) Os destinados ao pagamento das cotizacións á Seguridade Social ou outros gastos sociais do persoal.
- b) Os destinados ao pagamento de xuros, amortización de préstamos ou de operacións de crédito concertadas pola universidade, así como os gastos financeiros.
- c) Os destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.
- d) Os destinados a atender ás obrigas contidas nos programas ou nos subprogramas de gasto referidos a:
 - Prazas do persoal de administración e servizos.
 - Prazas do persoal docente e investigador.
 - Lectura de teses de doutoramento.

En relación con este último apartado, establécese un límite máximo de 1.600 € de gasto por tese de doutoramento con mención europea ou internacional e de 1.300 € de gasto para o resto das teses. Estes límites aplícanse para os gastos que se efectuarán con cargo á aplicación centralizada.

Excepcionalmente, se existe dispoñibilidade de crédito na aplicación orzamentaria apropiada que poida soportar o gasto (sempre que sexa diferente da aplicación orzamentaria 0000-131HLTD-230), a proposta, debidamente xustificada, do director da Escola Internacional de Doutoramento, o presidente da comisión permanente do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento poderá autorizar o incremento dos límites establecidos no punto anterior.

2. A Xerencia autorizará as ampliacións de crédito. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento da citada ampliación, distinguindo se este se financiará con

reducións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter ou con remanente non afectado de tesouraría. A Xerencia daralles conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O cumprimento do establecido nos apartados anteriores está condicionado a que non se incremente o teito de gasto aprobado para o exercicio 2020.

Artigo 11. Transferencias de crédito

1. Consisten no traspaso da totalidade ou de parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, isto é, na minoración dun ou de varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ten que garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender aos gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito deben realizarse desde o mesmo concepto/subconcepto da aplicación orzamentaria no que se consignou o orzamento.

3. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

- Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.
- Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes de exercicios anteriores.
- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.
- Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financiador.
- Non poderán minorarse créditos ampliáveis.
- Non poden afectar a créditos con distinta vixencia anual, agás as dotacións orzamentarias dos «programas soporte a xestión económica dos grupos de investigación».

3. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

- a) Ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten.

- b) Ao Consello de Goberno, as transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as mencionadas no apartado a).
- c) A Xerencia, por delegación do Consello de Goberno, as transferencias entre créditos das diversas epígrafes dun mesmo ou de diferentes capítulos de gasto correspondentes ao mesmo programa, agás as mencionadas nos apartados a) e b), agás no caso que se refiran á dotación ou á utilización do fondo de continxencia.

Artigo 12. Reasignación, desagregación e redistribución de créditos

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada destes, sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional nin a clasificación económica, consideraranse reasignacións de crédito e non transferencias de crédito.

Se o que se modifica, por ampliación de concepto a subconcepto, é exclusivamente a clasificación económica estaremos diante dunha desagregación de crédito.

A redistribución supón o traspaso da totalidade do crédito dunha aplicación a outra ou outras con distinta clasificación orgánica, pero a mesma clasificación funcional e económica.

2. As reasignacións, desagregacións ou redistribucións de crédito serán ordenadas polo xerente/a, por proposta do vicerreitor/a correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá achegarlles aos administradores/as, directores/as e xefes/as de servizo afectados/as unha copia dos acordos.

Artigo 13. Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación

1. A Xerencia, por proposta da Vicerreitoría de Investigación, poderá autorizar a apertura de aplicacións orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un programa de soporte para a xestión económica das actividades de I + D + i.

Para xestionar estas actividades atenderase ao indicado no «Protocolo para o desenvolvemento do programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación», aprobado polo Consello de Goberno, agás unha contradición con norma ou normas de rango superior.

2. A Xerencia daralles conta periodicamente das dotacións de crédito para estes programas, indicando a procedencia dos créditos dotados, ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

Artigo 14. Imputación de obrigas

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen dentro do ano natural do propio exercicio orzamentario.

2. Non obstante, aplicaranse os créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento ás obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da universidade.

- As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores, entre elas as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último cuadrimestre do ano anterior.

- As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.

- As que resulten de gastos executados no exercicio anterior e que por mor da orde de peche de orzamento do exercicio anterior non puidesen consignarse na fase de compromiso.

3. A Reitoría é o órgano competente para validar os gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para validar os gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen a competencia para autorizar gasto, se elabore o oportuno expediente, no que figurará necesariamente a causa de non-cumprimento da normativa e a aplicación á que correspondería imputar o gasto.

4. No referido aos gastos de carácter plurianual estarase ao seguinte:

a) Para executar gastos con cargo aos créditos de exercicios futuros, é necesaria a comprobación previa do cumprimento dos límites establecidos na normativa orzamentaria, sendo preciso acompañar o expediente á constatación da citada circunstancia, que pode ser o documento contable RC debidamente contabilizado.

b) No caso de que fose necesario, tras a xustificación do órgano proponente, o reitor poderá aprobar a modificación dos límites aos que se refire o apartado anterior, tras o informe do órgano competente de que a modificación cumpre o plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia para a universidade.

c) No caso de que a actuación se refira a un proxecto de investigación ou a un contrato programa, será necesario incorporar no expediente a certificación expresa da existencia do compromiso de

financiamento. Se nalgún exercicio non existise crédito axeitado, o reitor poderá determinar a aplicación orzamentaria que soportará o gasto, no caso de que este deba realizarse.

Artigo 15. Remanentes de crédito

1. O remanente de tesouraría é un recurso orzamentario obtido, con carácter xeral, pola acumulación de resultados orzamentarios positivos dos anteriores exercicios. O remanente de tesouraría obtense pola suma dos fondos líquidos, máis os dereitos pendentes de cobro, menos as obrigas pendentes de pagamento.

Para a incorporación ao exercicio orzamentario seguinte dos remanentes de tesouraría, estarase ao que establezan as normas de sustentabilidade orzamentaria, tanto da administración autonómica coma da administración central.

Sempre dentro do establecido nas normas ás que se refire o parágrafo anterior, o remanente de tesouraría debe aplicarse, en primeiro lugar, á dotación dos créditos necesarios para devolver os anticipos reintegrables que financian as diferentes infraestruturas de investigación, así como para atender a obrigas extraordinarias de carácter legal. En segundo lugar, para financiar proxectos de investigación e demais actuacións con financiamento externo cunha duración que se estenda alén do exercicio económico de que se trate, pola parte do crédito dotado e non executado no exercicio.

Unha vez executadas as actuacións referidas anteriormente, e sempre que queden importes pendentes de aplicación, incorporaranse os créditos que acadaran a fase D, antes do 31 de decembro, na execución das aplicacións orzamentarias do exercicio precedente.

O reitor excepcionalmente poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible o 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes ás axudas a equipos de investigación e á dotación de laboratorios docentes, tras a petición que deba vir acompañada da memoria xustificativa da necesidade. No caso de aprobarse esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

2. Para incorporar os créditos de gasto destinados á execución das actividades previstas no programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación mencionados no artigo 13, atenderase ao indicado no «Protocolo para o desenvolvemento do programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación», aprobado polo Consello de Goberno.

3. O resto dos remanentes que non se executen o 31 de decembro consideraranse de libre disposición para o exercicio seguinte.

4. Todas as operacións anteriores enténdense sempre supeditadas a que non se exceda o teito de gasto establecido para o exercicio 2020.

TÍTULO II. DOS GASTOS DE PERSOAL

Artigo 16. Custos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de orzamentos xerais do Estado e a Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia.

2. Poderanse abrir aplicacións orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para prestar servizos con base en convenios ou programas con financiamento externo.

Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios ou programas ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos, cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal co financiamento correspondente. Sempre que non se contradiga co establecido nestas normas nin nas que se establezan con carácter xeral pola comunidade autónoma de Galicia ou pola Administración central.

3. Con cargo aos créditos dos programas 111L e 131H xestionados en centros e en departamentos, respectivamente, non se poden realizar contratacións de persoal.

4. A dotación orzamentaria do capítulo I inclúe unha previsión de 50.000 € para atender o mandato contido no artigo 80.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

TÍTULO III. SUBVENCIONES

Artigo 17. Achegas a fundacións

1. Quedan autorizadas para o exercicio de 2020 as seguintes achegas directas a fundacións:

ENTIDADE	IMPORTE
Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal	10.000,00 €
Fundación para a Promoción da Automoción en Galicia-CTAG	12.100,00 €
Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab)	2.500,00 €
Fundación Museo do Pobo Galego	700,00 €

Fundación Universidade de Vigo-Fuvi	*120.000,00 €
-------------------------------------	---------------

*30.000€ pendentes de confirmar polo acordo do Consello Social.

2. Subvencións nominativas

Quedan autorizadas para o exercicio de 2020 as seguintes subvencións nominativas:

Nome da entidade beneficiaria	CIF	Obxecto	Campus	Importe
Vigo Rugby Club	G36680924	- Participación nas competicións federadas de rugby durante a temporada 2019-2020	VIGO	13.500 €
Campus Ourense Rugby Club	G32320996	- Participación nas competicións federadas de rugby durante a temporada 2019-2020	OURENSE	13.500 €
Escola Xadrez Pontevedra	G94022498	- Participación nas competicións federadas do xadrez durante a temporada 2020-Organización do VIII Torneo Internacional de Xadrez Cidade de Pontevedra - Desenvolvemento da V edición do proxecto solidario Xadrez Estratexia pola Paz	VIGO + PONTEVEDRA	16.200 €
Asociación Xadrez Ourense Univ.	G32314213	- Participación nas competicións federadas do xadrez durante a temporada 2020-Organización do VII Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense	OURENSE	10.800 €
Club Deportivo Aurum	G32424327	- Desenvolvemento do Ourense Thermal Meeting 2020	OURENSE	2.700 €
Club Natación Escualos	G27470855	- Desenvolvemento da VI Travesía a Nado Encoro os Peares 2020	OURENSE	1.080 €
EDO (Escuela Deportiva Ourense)	G32313132	- Participación nas competicións federadas de baloncesto de idades en formación durante a temporada 2019-2020	OURENSE	2.700 €

3. Dentro dos límites do crédito (establecidos a nivel de vinculación xurídica) orzado na aplicación 0000 421S 484, a Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fundacións agás aquelas en que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei orgánica de universidades 6/2001, do 21 decembro, deban ser aprobadas polo Consello Social.

TÍTULO IV. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 18. Informes e autorizacións previas á contratación administrativa

1. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a vixente Lei de contratos do sector público, cumprirá un informe previo e vinculante do director do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas nos casos en que as actuacións afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais de acordo coas instrucións xerenciais emitidas para o efecto.

2. Os contratos administrativos de servizos, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para prestar os servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

3. Sen prexuízo da documentación e dos trámites que estableza a vixente Lei de contratos do sector público, cumprirá un informe previo e non vinculante da Vicerreitoría de Comunicación ou da persoa que esta designe nos pedidos que se realicen con cargo á partida de publicidade (económica 226.02). Este informe debe emitirse e achegarse ao pedido nun prazo non superior a tres días hábiles. No caso de non emitirse en prazo poderá continuarse coa solicitude do pedimento. Este informe poderá substituírse polo visto e prace da Vicerreitoría de Economía.

Artigo 19. Medidas de racionalización da técnica da contratación

1. O reitor, por proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens e servizos, co obxecto de realizar compras conxuntas para toda a universidade ou racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.

2. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para contratar bens e servizos de forma conxunta para toda a universidade tras a declaración prevista no apartado anterior. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

Artigo 20. Outras normas en relación coa tramitación de expedientes

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.

2. Despois do 30 de setembro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación mediante un procedemento aberto ou restrinxido con cargo a créditos do exercicio corrente. Para o procedemento negociado a citada data será o 31 de outubro.

A data límite será un mes antes para os contratos de regulación harmonizada mencionados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a debida xustificación do proponente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois das devanditas datas.

Artigo 21. As actas de recepción

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, dos facultativos encargados da dirección da obra, do facultativo designado polo reitor, do/a responsable, do xerente/a e, no caso de que o importe de adxudicación sexa igual ou superior a 50.000 € (IVE excluído), dun/unha representante do Servizo de Control Interno.

2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, das persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos dos centros de gasto, do xerente/a e do/a responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. No caso de que o importe de adxudicación sexa igual ou superior a 50.000 € (IVE excluído), dun/unha representante do Servizo de Control Interno. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o/a responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico/a que se designe.

3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas, que serán recibidos mediante un documento xustificativo da entrega por parte do/a responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.

4. Trimestralmente daráselles conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 € en obras e 300.506,05 € en subministracións e en servizos.

TÍTULO V. DA XESTIÓN DO INVENTARIO E DO PATRIMONIO

Artigo 22. Dos bens mobles inventariables

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan conxuntamente os requisitos que se indican a continuación:

- a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.
- b) Que teñan un custo unitario superior a 400 €, tendo en conta o valor de imputación da adquisición ao orzamento da universidade.

Exceptuarase do anterior o mobiliario (cadeiras, mesas, armarios ou outro mobiliario semellante) que se ten que inventariar en todos os casos con independencia do seu valor.

Tamén incorporaranse ao inventario os bens que, aínda que non fosen adquiridos pola universidade, sexan doados. Nestes casos a valoración do material virá dado, con carácter xeral, por unha certificación expedida pola persoa ou pola entidade doadora do ben, quen pode substituír esta certificación pola achega da factura de compra se a tivese.

Artigo 23. Alleamento de bens patrimoniais da universidade

O alleamento de bens producirase mediante unha poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, en que necesariamente se incluírá a súa taxación pericial. Estarase ao disposto no Regulamento de patrimonio da Universidade de Vigo.

Artigo 24. Actualización do valor contable patrimonial

Autorízase o xerente/a a ditar as normas necesarias para actualizar o 31 de decembro, da anualidade que corresponda, do valor contable do inventario da universidade.

TÍTULO VI. DA MEMORIA ANUAL

Artigo 25. Elaboración da memoria

1. Os decanos/as, directores/as de escola, directores/as de departamento e os coordinadores/as de programas oficiais de posgrao e títulos propios co apoio dos administradores/as de centro, ámbito ou campus, elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. Esta mesma obriga aplícaselles aos vicerreitores/as e á Xerencia, así como aos/ás responsables dos restantes programas de actuación.

2. Estas memorias formarán parte como anexo da memoria económica anual da universidade, que elaborará no seu caso a Vicerreitoría de Economía e a Xerencia baixo a dirección do reitor.

3. As memorias conterán como mínimo unha explicación da execución do orzamento e das súas modificacións, así como unha descrición das accións realizadas. A Vicerreitoría de Economía e a Xerencia elaborarán unha instrución conxunta para determinar o seu contido e formato.

TÍTULO VII. ESPECIFICIDADES DA XESTIÓN DOS GASTOS

Capítulo I. Facultades e escolas técnicas e universitarias

Artigo 26. Créditos para centros

Os créditos do programa 111L «Docencia» inclúen:

- As dotacións básicas para soste as facultades e as escolas técnicas e universitarias que figuran no anexo II, excluindo as subministracións de electricidade, auga, gas natural ou similar e gasóleo.
- As dotacións para desenvolver as titulacións oficiais de posgrao e títulos propios que se desenvolven por subprogramas dentro de cada centro e que figuran no anexo II.
- As dotacións para as delegacións de alumnado que figuran no anexo II.
- As dotacións por calidade docente no seu caso.

Capítulo II. Departamentos

Artigo 27. Créditos para departamentos

Os créditos do programa de departamentos inclúen as dotacións básicas para soste os departamentos que figuran no anexo II.

Artigo 28. Desprazamentos dos e das docentes

A aplicación 2018 0000 421S 230 terá no exercicio de 2020 unha dotación de 30.000,00 € para financiar as axudas de custo dos desprazamentos entre os campus en función da docencia de cada cuadrimestre. Os pagamentos efectuaranse consonte as liquidacións elaboradas seguindo as instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

Artigo 29. Produción científica e de transferencia

Neste exercicio distribuiranse 685.000,00 € euros incluídos na aplicación 2020 00VI 131H 226.99. A distribución deste importe realizarase seguindo as indicacións da Vicerreitoría de Investigación.

Estes créditos incrementarán os créditos orzados para cada departamento ou, tras o acordo dos consellos de departamento, as dotacións dos programas de soporte a xestión económica dos grupos de investigación.

Capítulo III. Outras especificidades

Artigo 30. Laboratorios docentes

Na aplicación 2020 00EP 311V 626 inclúense 800.000,00 €, que se distribuirán seguindo as indicacións da Vicerreitoría de Planificación e se destinarán para financiar a dotación de laboratorios docentes. Estes créditos incrementarán os créditos orzados para cada facultade ou escola.

Artigo 31. Gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal de administración e servizos

A Xerencia autorizará as actividades do persoal de administración e servizos que impliquen gastos de viaxe, aloxamento e manutención.

Artigo 32. Delegación de alumnado

Os créditos asignados ás delegacións de alumnado presentados no anexo II terán como primeiro obxectivo atender aos gastos derivados das súas actividades propias e dos/as representantes dos estudantes nos órganos de goberno da universidade.

Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable, cumprirá que por parte do decano/a ou director/a e do administrador/a do centro se certifique a necesidade do investimento e se lle solicite á Xerencia a correspondente modificación de crédito.

Artigo 33. Normas de asignación do gasto centralizado de telefonía

Consígnase un importe de 140.000,00 € para atender aos gastos de telefonía dentro da aplicación 2020 0000 421S 222, incluídos os consumos básicos dos departamentos. Para estes efectos, os importes límite asignados son os seguintes:

- 90 €/ano por profesor/a a tempo completo.
- 30 €/ano por profesor/a a tempo parcial.
- 150 €/ano pola sede do departamento.

Estas asignacións realizaranse asimilando a primeira categoría os contratados polos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Parga Pondal, e segundo os datos dispoñibles no primeiro día lectivo do exercicio orzamentario.

Artigo 34. Asignación en edificios compartidos

Dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, asígnase a xestión de edificios e de instalacións, agás os gastos de subministracións (electricidade, auga, gas natural e asimilados e gasóleo), que se centralizan nos servizos xerais de cada campus, do seguinte xeito:

a) Dentro do campus de Vigo, os créditos das facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar asígnanse ao centro de traballo de Ciencias de Vigo e os do edificio de Fundación ao centro de traballo da Escola de Enxeñaría Industrial.

b) Dentro do campus de Ourense, os créditos do Edificio Xurídico-Empresarial están consignados no orzamento de Ciencias Empresariais e Turismo, os do Edificio de Facultades e dos pavillóns 1 e 2 na Facultade de Historia, os do Edificio Politécnico na Escola Superior de Enxeñaría Informática e os do pavillón de ciencias na Facultade de Ciencias.

Artigo 35. Bolsas

1. As vicerreitorías de Economía, de Planificación, de Estudantes, de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, de Investigación, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra e os comisionados poderán convocar, dentro dos seus respectivos ámbitos de competencia, bolsas específicas de programas ou de extensión universitaria e investigación.

Para o exercicio 2020 impútanse con cargo aos conceptos do capítulo 4 do orzamento de gastos do programa 121D asociado á clasificación orgánica 0000, todos os gastos derivados das convocatorias de bolsas de informática, de mobilidade, de integración..., para facilitar a xestión a través do servizo correspondente.

Para que as devanditas vicerreitorías poidan incluír nas súas convocatorias de bolsas as solicitudes de bolseiros/as que fagan os centros ou os departamentos, cómpre que previamente estea dotada a aplicación orzamentaria correspondente ao capítulo IV deses centros de gasto.

Na tramitación e na xestión administrativa e económico-orzamentaria destas bolsas empregaranse os servizos administrativos da Universidade de Vigo, consonte os procedementos establecidos pola Xerencia.

As persoas beneficiarias serán alumnos ou alumnas das diferentes titulacións da Universidade de Vigo.

TÍTULO VIII. DO CONTROL INTERNO

Artigo 36. Do control interno

1. O límite mínimo para o exercicio da fiscalización previa do gasto é de 12.000 € mais IVE, e quedan excluídos os expedientes de gastos por unha contía inferior.

2. A fiscalización previa dos dereitos e as súas devolucións de ingresos indebidos substitúese pola inherente á toma de razón en contabilidade e estableceranse as actuacións comprobatorias posteriores que se determinen de conformidade co sinalado no punto seguinte.

3. O reitor, por proposta da Xerencia, aprobará un plan de control interno para o exercicio 2020, elaborado e desenvolvido polo Servizo de Control Interno, o cal atenderá ás seguintes premisas:

- Definir e implantar un plan anual de control financeiro permanente, de tal forma que permita levar a cabo a revisión das actuacións non suxeitas a fiscalización previa, próxima no tempo para mellorar a xestión e que esta sexa áxil, eficaz e eficiente.
